



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de xaneiro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo

Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- INCLUSIÓN DE SERVIZOS NO PLANE.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O PlanE posibilita este ano a inclusión de gasto corrente para servizos sociais. Polo tanto, e tendo en conta as necesidades do concello neste eido, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobación da inclusión no Fondo Estatal para o emprego e a Sostibilidade Local financiado de acordo co disposto no Real Decreto Lei 13/2009 do 26 de outubro (B.O.E. 259/2009 do 27 de outubro) do servizo de "mellora dos servizos sociais de concello" por un importe total de tres mil setecentos vinte e oito euros (3.728,00€) de acordo co detalle que se indica:

Concepto	Sen I.V.E.	I.V.E.	Total
Execución do servizo	3.213,79	514,21	3.728,00
Total	3.213,79	514,21	3.728,00

2.- Aprobación da memoria explicativa valorada do servizo indicado.

3.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e oito de xaneiro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día oito de febreiro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día oito de febreiro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Non asiste a concelleira María Montserrat Macía Quiroga.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- CONTRATACIÓN DE PERSOAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as necesidades do concello de contratación de persoal de axuda a domicilio, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar as bases para a elaboración dunha bolsa de emprego público de auxiliar de axuda a domicilio que figuran a seguir.

2.- Convocar ao abeiro de ditas bases o correspondente proceso selectivo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

BASES PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO DE AUXILIARES DE AXUDA A DOMICILIO.

1.-NORMAS XERAIS.

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e polo Estatuto dos traballadores 1/1995 de 24 marzo, Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello da Pobra do Brollón , Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos a que a que debe axustarse o

procedemento de selección dos funcionarios da administración local, o R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se arriba o regulamento de selección de persoal e , supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Teñen por obxecto as presentes bases a elaboración dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda a domicilio para a contratación laboral temporal polo sistema de concurso de méritos.

3.- DURACIÓN DOS CONTRATOS.

As modalidades contractuais serán:

Contrato de Acumulación de tarefas de duración determinada ou contrato de obra ou servizo determinado coas limitacións temporais establecidas na lexislación laboral.

Contrato de interinidade que rematará cando concorran algún/s dos supostos previstos na lexislación vixente que regulan este contrato.

O proceso se desenvolve baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do Concello da Pobra do Brollón, Taboleiro de anuncios do Concello).

4.-FUNCIONS A DESEMPEÑAR

Os seleccionados realizarán as labours correspondentes o seu posto de traballo no horario sinalado ó efecto polo Concellería responsable. Entre as súas funcións figuran: Hixiene e cambios posturais de encamados, apoio na mobilidade dentro do fogar, axuda para levantarse e deitarse, acompañamento de visitas médicas, axudas para vestirse, espirse e calzarse, e labours de limpeza do fogar e lavado de roupa, así como a preparación da comida e en xeral apoio nas actividades básicas da vida diaria e nas actividades instrumentais da vida diaria, entre outras.

Deste xeito, a relación rexerase pola lexislación laboral e o contrato que se lles realizará as persoas seleccionadas redactarase o abeiro do RD 2720/1998 do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 c do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Para afrontar o presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Presupuesto de gastos.

5.-REQUISITOS

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:

a) *Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.*

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

b) *Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.*

c) *Titulación.- Estar en posesión do título de Certificado de Escolaridade. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.*

d) *Carne de conducir tipo B / B1. Dispoñer de vehículo.*

e) *d) Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.*

f) *Habilitación: non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.*

Tódolos requisitos anteriores deberanse reunir o día que remate o prazo de presentación de instancias e durante o proceso de selección ata o momento do nomeamento.

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Os interesados deberán presentar as solicitudes en modelo oficial que figura no Anexo I destas Bases presentaranse no Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón ata as 14.00 horas do quinto día natural seguinte ao da publicación do correspondente anuncio nun dos diarios de maior circulación e na páxina web do Concello www.pobradobrollón.com. Si o último día do prazo resulta inhábil ou sá-

bado entenderase prorrogado ao primeiro día hábil non sábado seguinte. Tamén poderá presentar as instancias na forma prevista no artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, achegando a seguinte documentación:

- A titulación esixida para participar no concurso.
- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas o Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- Relación de méritos que alega, e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.
- Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determina-la experiencia. A xustificación dos traballos realizados farase mediante a presentación dos correspondentes contratos e o certificado de vida laboral. Os traballos realizados para administracións públicas, poderán xustificarse mediante a correspondente certificación que indique a xornada laboral e o período de tempo traballado.

7.- FUNCIONAMENTO DE BOLSA DE EMPREGO.

Rematada a fase de concurso o secretario do tribunal publicará no Taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello www.pobradobrollon.com a relación de aspirantes por orde de puntuación,

que se incluíranse nunha lista por orde de puntuación durante o período 2.010 - 2.011, para cubrir as vacantes temporais que no posto de AUXILIAR DE AXUDA A DOMICILIO que se poidan dar.

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza vacante, ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

O chamamento se fará ao teléfono ou teléfonos que o interesado indique. Será xustificante da realización do chamamento a existencia da chamada. De non localizarse ao chamado, procederase a chamar ao seguinte na lista sen que isto implique cambios na orde da mesma.

Cando un dos aspirantes incluído na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación, agás que renuncie expresamente á súa incorporación.

Os aspirantes que rexeiten algunha das posibles interinidades que podan surxir serán penalizados durante 6 meses de suspensión de chamamento. O aspirante que rexeite un segundo chamamento sen

causa xustificada será penalizado coa exclusión de dita listaxe situándose no ultimo posto na orde de chamamento.

Considerarase causa xustificada aquela situación no que o/a aspirante seleccionado xustifique que se atopa baixo unha modalidade contractual de duración superior que a ofertada por esta bolsa.

A vixencia desta lista será polo período 2010 -2011.

8.- COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO TRIBUNAL.

O tribunal cualificador do concurso estará constituído por empregados públicos.

Presidente: O secretario do Concello da Pobra do Brollón ou persoa na que delegue

Vogais: 4 funcionarios de carreira ou laboral fixo da administración pública

Secretario: un funcionario do Concello

Tódolos membros do tribunal terán voz e voto agás o Secretario que terá so voz.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros, exceptuase o que actúe de Secretario.

O tribunal poderá en calquera momento dirixirse aos aspirantes para que acrediten a súa identidade.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que xurdan e para tomar os acordos necesarios para o desenvolvemento das probas, e todo o non previsto nestas bases.

9.- PROCESO SELECTIVO.

CONCURSO

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos dos/as aspirantes que se valorarán de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes

I) Formación académica.

- ☐ Por curso de auxiliar de axuda no fogar de 450 horas ou mais. 1 punto.
- ☐ Por curso de auxiliar de axuda no fogar ou formación profesional equivalente superior a 600 horas. 2 puntos.

A puntuación máxima neste apartado I será de 3 puntos.

II) Formación especializada.

❑ *Por participación en cursos, xornadas ou seminarios impartidos por centros de formación dependentes de organismos oficiais e relacionados co posto a desempeñar ata un máximo de 4 puntos valoraranse a razón de:*

- i. Cursos de 1 a 30 horas: 0,25 puntos por curso*
- ii. Cursos de mais de 31 horas: 0,50 puntos por curso.*

A puntuación máxima deste apartado II non poderá superar os 3,80 puntos.

III) Coñecemento do galego

- i. Curso de iniciación ao galego ou equivalente: 0,10 puntos*
- ii. Curso de perfeccionamento ou equivalente: 0,20 puntos*

O coñecemento do idioma galego, soamente será puntuado nunha das dúas modalidades de acreditación exportas.

A puntuación máxima deste apartado II non poderá superar os 0,20 puntos.

IV) Experiencia profesional.

❑ *Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas como auxiliar de axuda no fogar ou similares ao servizo de calquera administración local valorarase a razón de 0,15 puntos por mes completo de servizo como auxiliar de axuda a domicilio.*

❑ *Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas como auxiliar de axuda no fogar ou similares ao servizo de calquera outra administración pública a razón de 0,10 puntos por mes completo de servizo como auxiliar de axuda de domicilio.*

❑ *Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas como auxiliar de axuda no fogar ou similares ao servizo da empresa privada a razón de 0,05 puntos por mes completo de servizo como auxiliar de axuda a domicilio.*

A puntuación máxima deste apartado IV non poderá superar os 8 puntos.

A puntuación máxima do concurso será de 15 puntos.

10.- RELACIÓN DE PUNTUACIONES DOS/AS ASPIRANTES:

A cualificación definitiva de concurso será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal.

No caso de empate entre dous ou mais aspirantes o proceso selectivo resolverase por medio dunha entrevista que versará sobre o posto de traballo a desenvolver, neste suposto, notificarase aos interesados cunha antelación mínima de 24 horas indicando data, lugar e hora da entrevista. A cal se

valorará cun máximo de 2 puntos para dirimir o empate. A cualificación da entrevista será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do tribunal.

Na resolución do concurso o tribunal rexerase polo establecido nesta convocatoria específica. De tal xeito, despois de rematar a fase concurso , o tribunal proporá a lista de contratación temporal coas puntuacións totais das asignadas no concurso.

11.-PERIODO DE PROBA

-Unha vez iniciados os traballos, fíxase un período de proba de quince días para o/a traballador/a .

12.-INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase o que decida o tribunal por maioría de votos.

13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O aspirante proposto para o seu nomeamento, nun prazo de cinco (5) días naturais , contados a partir do día seguinte ao da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello da Pobra do Brollón a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Tarxeta Sanitaria.

-Fotocopia compulsada do carné de conducir.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenrolo do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo forza maior, non presente a documentación ou da mesma se deprendera que non reúne algún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a quedando excluído das listas, sen perxucio da responsabilidade en que puidera/n haber incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

14.-RECURSOS ADMINISTRATIVOS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisar as resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

15.- DISPOSICIÓN FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as necesidades do concello de contratación de persoal de axuda á dependencia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar as bases para a elaboración dunha bolsa de emprego público de auxiliar de axuda á dependencia que figuran a seguir.

2.- Convocar ao abeiro de ditas bases o correspondente proceso selectivo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

BASES PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PÚBLICO DE AUXILIARES DE AXUDA A DEPENDENCIA.

1.-NORMAS XERAIS.

As probas selectivas rexeranse polo previsto nestas bases e Estatuto dos traballadores 1/1995 de 24 marzo, Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello da Pobra do Brollón, Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Decreto Lexislativo 1/2008, so 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, Decreto 896/1991, do 7 de xuño, regras básicas e programa mínimos a que a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da administración local, o R.D. 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se arriba o regulamento de selección de persoal e, supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da Administración Xeral do Estado e demais lexislación concordante que sexa de aplicación.

2.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Teñen por obxecto as presentes bases a elaboración dunha bolsa de emprego para a contratación laboral temporal ou interino de auxiliares de axuda á dependencia polo sistema de concurso de méritos .

3.- DURACIÓN DOS CONTRATOS.

As modalidades contractuais serán:

Contrato de Acumulación de tarefas de duración determinada ou contrato de obra ou servizo determinado coas limitacións temporais establecidas na lexislación laboral.

Contrato de interinidade que rematará cando concorran algún/s dos supostos previstos na lexislación vixente que regula este contrato.

O proceso se desenvolve baixo os puntos de vista de igualdade efectiva entre homes e mulleres, mérito, capacidade, transparencia e publicidade (Web oficial do Concello da Pobra do Brollón, Taboleiro de anuncios do Concello).

4.-FUNCIONS A DESEMPEÑAR

Os seleccionados realizarán as labours correspondentes o seu posto de traballo no horario sinalado ó efecto polo Concellería responsable. Entre as súas funcións figuran: Hixiene e cambios posturais de encamados, apoio na mobilidade dentro do fogar, axuda para levantarse e deitarse, acompañamento de visitas médicas, axudas para vestirse, espirse e calzarse, e labours de limpeza do fogar e lavado de roupa, así como a preparación da comida e en xeral apoio nas actividades básicas da vida diaria e nas actividades instrumentais da vida diaria, entre outras.

Deste xeito, a relación rexerase pola lexislación laboral e o contrato que se lles realizará as persoas seleccionadas redactarase o abeiro do RD 2720/1998 do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

Para afrontar o presente gasto existe consignación orzamentaria suficiente no vixente Presupuesto de gastos.

5.-REQUISITOS

Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para participaren no concurso:

Os requisitos dos aspirantes serán os seguintes:

- a) *Nacionalidade.- Ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte co establecido na Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.*

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

- b) *Idade.- Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.*
- c) *Titulación.- Estar en posesión do título de Certificado de Escolaridade. Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.*
- d) *Carne de conducir tipo B/B1. Dispoñer de Vehículo*
- e) *Capacidade funcional: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.*
- f) *Habilitación: non ser separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público.*

Tódolos requisitos anteriores deberanse reunir o día que remate o prazo de presentación de instancias e durante o proceso de selección ata o momento do nomeamento.

6.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

Os interesados deberán presentar as solicitudes en modelo oficial que figura no Anexo I destas Bases presentaranse no Rexistro Xeral do Concello da Pobra do Brollón ata as 14.00 horas do quinto día natural seguinte ó da publicación do correspondente anuncio nun dos diarios de maior circulación e na páxina web do Concello www.pobradobrollón.com. Si o último día do prazo resulta inhábil ou sábado entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte. Tamén poderá presentar as instancias na forma prevista no artigo 38.4 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común. A solicitude será mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde, achegando a seguinte documentación:

- *A titulación esixida para participar no concurso.*
- *Fotocopia compulsada do D.N.I.*

- *Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidades Autónomas o Entidades Locais, nin de atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.*
- *Relación de méritos que alega, e documentos xustificativos dos mesmos en orixinal ou fotocopia compulsada.*
- *Certificación de traballos realizados ata a data en tarefas similares as do posto ofertado, para determina-la experiencia. A xustificación dos traballos realizados farase mediante a presentación dos correspondentes contratos e o certificado de vida laboral. Os traballos realizados para administracións públicas, poderán xustificarse mediante a correspondente certificación que indique a xornada laboral e o período de tempo traballado.*

7.- FUNCIONAMENTO DE BOLSA DE EMPREGO.

Todos os aspirantes que superen o proceso selectivo recollido nas presentes bases , incluíranse nunha lista por orde de puntuación durante o período 2.010 - 2.011, para cubrir as vacantes temporais que no posto de AUXILIAR DE AXUDA A DEPENDENCIA que se poidan dar.

Cando sexa necesario proceder o chamamento para cubrir a praza vacante, ofertarase ao primeiro da lista que estea pendente de chamar por orde de mellor puntuación.

O chamamento se fará ao teléfono ou teléfonos que o interesado indique. Será xustificante da realización do chamamento a existencia da chamada. De non localizarse ao chamado, se procederá a chamar ao seguinte na lista sen que isto implique cambios na orde da mesma.

Cando un dos aspirantes incluído na lista fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de contratación recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado novamente para outra contratación, agás que renuncie expresamente á súa incorporación.

Os aspirantes que rexeiten algunha das posibles interinidades que podan surxir serán penalizados durante 6 meses de suspensión de chamamento. O aspirante que rexeite un segundo chamamento sen causa xustificada será penalizado coa exclusión de dita listaxe situándose no ultimo posto na orde de chamamento.

Considerarase causa xustificada aquela situación no que o/a aspirante seleccionado xustifique que se atopa baixo unha modalidade contractual de duración superior que a ofertada por esta bolsa.

A vixencia desta lista será polo período 2010 -2011.

8.- COMPOSICIÓN E ACTUACIÓN DO TRIBUNAL.

O tribunal cualificador do concurso de méritos estará constituído por empregados públicos.

Presidente: O secretario do Concello da Pobra do Brollón ou persoa na que delegue

Vogais: 4 funcionarios de carreira ou laboral fixo da administración pública

Secretario: un funcionario do Concello

Tódolos membros do tribunal terán voz e voto agás o Secretario que terá so voz.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros, exceptuase o que actúe de Secretario.

O tribunal poderá en calquera momento dirixirse aos aspirantes para que acrediten a súa identidade.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que xurdan e para tomar os acordos necesarios para o desenvolvemento das probas, e todo o non previsto nestas bases.

9.- PROCESO SELECTIVO.

CONCURSO

Non terá carácter eliminatorio e consistirá na avaliación por parte do tribunal dos méritos dos/as aspirantes que se valorarán de acordo co baremo establecido nos apartados seguintes

I) Formación académica.

☐ *Por curso de auxiliar de axuda no fogar de 450 horas, 1 punto.*

☐ *Por curso de auxiliar de axuda no fogar, curso de atención sociosanitaria a dependentes no domicilio ou formación profesional equivalente superior a 600 horas. 2 puntos.*

A puntuación máxima neste apartado I será de 3 puntos.

II) Formación especializada.

☐ *Por participación en cursos, xornadas ou seminarios impartidos por centros de formación dependentes de organismos oficiais e relacionados co posto a desempeñar ata un máximo de 4 puntos valoraranse a razón de:*

i. Cursos de 1 a 30 horas: 0,25 puntos por curso

ii. Cursos de mais de 31 horas: 0,50 puntos por curso.

A puntuación máxima deste apartado II non poderá superar os 3,80 puntos.

III) Coñecemento do galego

iii. Curso de iniciación ó galego ou equivalente: 0,10 puntos

iv. Curso de perfeccionamento ou equivalente: 0,20 puntos

O coñecemento do idioma galego, soamente será puntuado nunha das dúas modalidades de acreditación exportas.

A puntuación máxima deste apartado III non poderá superar os 0,20 puntos.

IV) Experiencia profesional.

A experiencia profesional xustificárase con contratos laborais e de informe de vida laboral.

- ☐ *Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas como auxiliar de axuda no fogar ou similares ao servizo de calquera administración local valorarase a razón de 0,15 puntos por mes completo de servizo como auxiliar de axuda a dependencia .*
- ☐ *Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas como auxiliar de axuda no fogar ou similares ao servizo de calquera outra administración pública a razón de 0,10 puntos por mes completo de servizo como auxiliar de axuda a dependencia.*
- ☐ *Por experiencia profesional no desenvolvemento de tarefas como auxiliar de axuda no fogar ou similares ao servizo da empresa privada a razón de 0,05 puntos por mes completo de servizo como auxiliar de axuda a dependencia.*

A puntuación máxima deste apartado IV non poderá superar os 8 puntos.

A puntuación máxima no concurso total será de 15 puntos

10.- RELACIÓN DE PUNTUACIONES DOS/AS ASPIRANTES.

A cualificación definitiva de concurso será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal.

No caso de empate entre dous ou mais aspirantes o proceso selectivo resolverase por medio dunha entrevista que versará sobre o posto de traballo a desenvolver, neste suposto, notificarase aos interesados cunha antelación mínima de 24 horas indicando data, lugar e hora da entrevista. A cal se valorará cun máximo de 2 puntos para dirimir o empate. A cualificación da entrevista será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do tribunal.

Na resolución do concurso o tribunal rexerase polo establecido nesta convocatoria específica. De tal xeito, despois de rematar a fase concurso , o tribunal propondrá a lista de contratación temporal coas puntuacións totais das asignadas no concurso.

11.- VALORACIÓN DAS PROBAS:

A cualificación definitiva de concurso será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal na fase de concurso.

No caso de empate entre dous ou mais aspirantes o proceso selectivo resolverase por medio dunha entrevista que versará sobre o posto de traballo a desenvolver, neste suposto, notificarase aos interesados cunha antelación mínima de 24 horas indicando data, lugar e hora da entrevista. A cal se valorará cun máximo de 2 puntos para dirimir o empate. A cualificación da entrevista será a media aritmética da puntuación outorgada por cada membro do tribunal.

Na resolución do concurso o tribunal rexerese polo establecido nesta convocatoria específica. De tal xeito, despois de rematar as probas , o tribunal propondrá o nomeamento como laboral interino/a ou temporal do/da aspirante que, na suma total das puntuación asignada no concurso.

En caso de empate entre aspirantes podíase realizar unha entrevista persoal basea nos cometidos da praza para dirimir os empates que podan surxir.

12.- PERIODO DE PROBA

-Unha vez iniciados os traballos, fíxase un período de proba de quince días para o/a traballador/a. .

13.-INTERPRETACIÓN

Para calquera dúbida que xurda na interpretación destas bases e no desenrolo das probas correspondentes estarase o que decida o tribunal por maioría de votos.

14.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

O aspirante proposto para o seu nomeamento, nun prazo de cinco (5) días naturais , contados a partir do día seguinte ó da recepción da oportuna notificación presentará no rexistro de documentos do Concello da Pobra do Brollón a seguinte documentación:

-Fotocopia compulsada do DNI.

-Tarxeta Sanitaria.

-Fotocopia compulsada do carné de conducir.

-Copia autenticada do título esixido ou certificación académica de estudos realizados, con xustificante do abono dos dereitos para a súa expedición.

-Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que lle incapacite para o desenrolo do posto de traballo de que se trata.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Quen dentro do prazo indicado, e salvo forza maior, non presente a documentación ou da mesma se deprendera que non reúne algún dos requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a quedando excluído das listas, sen perxuicio da responsabilidade en que puidera/n haber incorrido por falsidade nas súas solicitudes de participación.

15.-RECURSOS ADMINISTRATIVOS

As Bases da convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven delas e da actuación do tribunal, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei 30/92, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento común, modificada pola Lei 4/99.

Así mesmo a Administración Municipal poderá, no seu caso, revisa-las resolucións do tribunal conforme ó previsto na citada Lei 30/1992, de 26 de novembro.

16.- DISPOSICIÓN FINAL.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo.

2º.- SOLICITUDES DE ACHEGAS Á XUNTA DE GALICIA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a situación dos diversos alumeados públicos do concello e a necesidade de tomar medidas de aforro enerxético, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la memoria da obra de “renovación de instalacións de iluminación exterior no concello” cun orzamento total sen I.V.E. de vinte e sete mil cincocentos oitenta e oito euros con oitenta e tres céntimos (27.588,83€).

2.- Solicitar da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia unha achega para dita inversión ao abeiro da Resolución de 21 de outubro de 2009.

3.- Comprometerse, en caso de obte-la achega á execución da inversión sinalada.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e dous de febreiro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de febreiro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

Reboiro, que dá fe do Acto.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e catro de febreiro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda aproba-las actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días vinte e oito de decembro de dous mil nove, e vinte e oito de xaneiro, e oito de febreiro de dous mil dez. Nesta ultima de corríxe o erro de figurar como asistente a concelleira Macía Quiroga que non asistíu a dita sesión.

2º.- PLAN DE COOPERACIÓN DE 2010.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vistas as necesidades do concello en materia de abastecemento de auga, propoño a adopción do acordo seguinte:

1.- *Incluír no Plan Provincial de Cooperación ós Servizos de Competencia Municipal para 2010 a obra que se indica e co financiamento que se sinala:*

Título	Achegas			Orzamento total
	Estado	Deputación	Concello	
Instalación dun decantador no depósito de augas da Pobra do Brollón	27.422,04	13.711,02	13.711,02	54.844,08

2.- Comprometerse en nome do Concello a achegar con cargo ó Orzamento Xeral de 2010 a cantidade que se sinala como achega municipal.

3.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e seis de febreiro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de marzo de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E SEIS DE MARZO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e seis de marzo de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude da interesada e a documentación que figura no expediente, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- Autorizar a D^{na}. *María Luísa Rodríguez Pombar con D.N.I. número 34.990.631-H para substituír o vehículo actualmente adscrito á licenza clase B) autoturismo nº. 007 da que é titular por un novo coas seguintes características:*

Matrícula	2905GVD
Marca	Fiat
Modelo	Línea
Potencia fiscal	10,03
Nº. de bastidor	ZFA32300003105984
Nº. de prazas	5

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude dos interesados e a documentación que obra no correspondente expediente, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar o cambio de titularidade do café bar restaurante de 3ª categoría situado no edificio número 4 da Labrada, parroquia de Barxa de Lor da súa actual titular D. María Paz Álvarez Blanco a favor de D. José Luís Álvarez Álvarez con D.N.I. número 76.623.245-X e Dna. Elena Blanco Escudero con D.N.I. número 76.730.909-B en representación de Pensión Pacita C.B. con N.I.F.: E-27.401.843.

2.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación que figura no expediente por importe de setenta e seis euros con catorce céntimos (76,14€).

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, e tendo en conta que é titular dun vehículo matrícula 9259-DSL de alta no padrón do imposto e que é membro dunha asociación de propietarios de vehículos clásicos, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- Declara-la exención no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica dos seguintes vehículos de máis de 25 anos dos que é titular D. Marco Antonio Somoza Rodríguez con D.N.I. número 34.264.724-Z.

<i>Vehículo</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>Volkswagen Escarabajo 1300</i>	<i>C-1375-BD</i>	<i>2010</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado, e tendo en conta que é titular dun vehículo matrícula LU-3649-Ide alta no padrón do imposto e que é membro dunha asociación de propietarios de vehículos clásicos, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- Declara-la exención no Imposto sobre vehículos de tracción mecánica dos seguintes vehículos de máis de 25 anos dos que é titular D. José Antonio Somoza Pérez con D.N.I. número 34.216.247-K.

<i>Vehículo</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>Mercedes 250</i>	<i>OU-1887-S</i>	<i>2010</i>
<i>Mercedes 200</i>	<i>M-773644</i>	<i>2010</i>
<i>Peugeot 504</i>	<i>M-3155-DA</i>	<i>2010</i>
<i>Volkswagen Escarabajo 1500</i>	<i>3850-CLI</i>	<i>2010</i>
<i>Volkswagen Escarabajo 1600</i>	<i>LU-7442-N</i>	<i>2010</i>
<i>Citroën Diane 6</i>	<i>LU-6549-F</i>	<i>2010</i>

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a seis de abril de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de abril de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e nove de abril de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación das actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local o días vinte e catro de febreiro e vinte e seis de marzo de dous mil dez.

2º.- CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

Vistas as certificacións de obra que se indican propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- Aproba-las certificacións das obras do PlanE 2009 que se indican co seguinte desagregamento

Obra	Nº.	Base	I.V.E.	Total
Mellora e acondicionamento do depósito municipal da Pobra do Brollón	1	40.823,85€	6.531,82€	47.355,67€
Mellora na captación e condución de auga para o depósito municipal da Pobra do Brollón	1	72.432,52€	11.589,20€	84.021,72€
Mellora na captación e condución de auga para o depósito municipal da Pobra do Brollón	2	36.514,29€	5.842,29€	42.356,58€
Mellora na captación e condución de auga para o depósito municipal da Pobra do Brollón	3	13.466,98€	2.154,72€	15.621,70€

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Téndose acreditado no expediente instruído ó efecto, mediante informe do técnico municipal, que por Cuarcitas A Veneira representada por D. Juan Carlos Rodríguez Álvarez, se teñen cumpridos os trámites e requisitos esixidos pola lexislación vixente para a instalación dunha canteira de cuarcita no lugar de A Veneira, parroquia de Ferreiros deste termo, actividade para a que se concedeu licenza provisional con data de oito de xullo de dous mil tres, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Conceder a Cuarcitas A Veneira con N.I.F. B-27.230.309 representada por D. Juan Carlos Rodríguez Álvarez con D.N.I. número 33.860.380-X Licenza Definitiva para a instalación e funcionamento dunha canteira de cuarcita no lugar de A Veneira, parroquia de Ferreiros deste termo, licenza que deberá ser expedida pola Secretaría do Concello e servirá ó interesado como documento acreditativo desta concesión.

2.- Aproba la liquidación complementaria por importe de corenta e seis euros con catorce céntimos (46,14€) que deberán ter sido ingresados nas arcas municipais para que esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, teña eficacia.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Autorizar a D. Diego Parada Mondelo con D.N.I. 34.270.939-L para realizar obras de reparación da vivenda situada no lugar de Veneira número 1 na parroquia de Ferreiros deste termo (referencia catastral 00300300PH31H0001BQ).

2.- Na execución das obras deberá dar estrito cumprimento das condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cincuenta e sete euros con setenta e catro céntimos (57,74€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- Autorizar a D. José Fernández Parada con D.N.I. 34.229.577-B para realizar obras de cerramento de finca situada no lugar de Arriba número 17 na parroquia de Eixón deste termo (referencia catastral 001900300PH21F0001HN).

2.- Na execución das obras deberá dar estrito cumprimento das condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cincuenta e cinco euros con setenta e seis céntimos (55,76€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Vista a solicitude do interesado, o informe do técnico do concello e a Resolución da Dirección xeral do Patrimonio, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar ao bispado de Lugo, representado por D. Rafael Mella Vázquez con D.N.I. número 76.519.630-Q para realizar obras de reparación das fendas da fachada e da cuberta da igrexa parroquial da Pobra do Brollón.

2.- Na execución das obras darase estrito cumprimento as condicións establecidas pola Dirección xeral do Patrimonio da Xunta de Galicia e polo técnico do concello.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de noventa e un euros con un céntimo (91,01€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Ramón Álvarez Álvarez con D.N.I. número 34.145.316-E para realizar obras de rehabilitación da cuberta do edificio situado en Parada dos Montes (referencia catastral 000200400PH31A0001QU).

2.- Na execución das obras darase estrito cumprimento as condicións establecidas polo técnico do concello.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de noventa e dous euros con dezasete céntimos (92,17€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{na}. Mercedes Somoza Páez con D.N.I. número 34.145.749-H para realizar obras de rehabilitación da cuberta do edificio situado na rúa da Peza número 1 desta vila (referencia catastral 2032210PH23S0001YQ).

2.- Na execución das obras darase estrito cumprimento as condicións establecidas polo técnico do concello.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de douscentos cincuenta e seis euros con catorce céntimos (256,14€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as trece horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a quince de xullo de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día catorce de xullo de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA CATORCE DE XULLO DE DOUS MIL DEZ.

Adoración Fernández González
Manuel González Moreira
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día catorce de xullo de dous mil dez, e baixo a presidencia a primeira Tenente de Alcalde en funcións de Alcalde, Adoración Fernández González, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o alcalde por vacacións.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- CONTRATACIÓN DA OBRA DO P.O.S. 2010.

Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Visto o expediente de contratación da obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo proxecto técnico e o prego de condicións económico administrativas da obra do P.O.S. complementario de 2009, "saneamento do núcleo de Santalla de Rei, continuación". O prego de condicións se inclúe a seguir.*

2.- *Proceder á contratación da obra polo procedemento negociado sen publicidade.*

3.- *Facultar á primeira Tenente de Alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

I. DISPOSICIÓNS XERAIS.

1.- OBXECTO DO CONTRATO.

1.1.- *O obxecto do contrato será a realización das obras de "Saneamento do núcleo de Santalla de Rei, continuación" co fin de dotar do servizo de Saneamento ao núcleo de poboación de Santalla de Rei.*

1.2. – *As obras realizaranse de acordo co proxecto redactado por Pablo Núñez Otero e Javier González Casanova, Gaia Enxenería, que se aproba conxuntamente con presente Prego.*

1.3.- *Terán carácter contractual os planos, o prego de prescricións técnicas, a memoria no referente á descrición dos materiais básicos ou elementais que formen parte das unidades de obra, os*

cadros de prezos, o programa de traballo do proxecto e, no seu caso, que presente o adxudicatario, unha vez aprobado pola Administración.

2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN.

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello da Pobra do Brollón o é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras, así como da adxudicación provisional do contrato. Nos restantes actos procedimentais o órgano competente será a Tenente de Alcalde delegada de urbanismo do Concello da Pobra do Brollón.

2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN.

3.1.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de obras de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 6 e 19 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), quedando sometida á devandita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ao Prego de Cláusulas Administrativas Xerais do Estado para a contratación de obras do Estado aprobado polo Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, en canto non se opoña á Lei e ao Regulamento Xeral citados. A presente contratación levará a cabo de acordo coas cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

3.2.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, os acordos da cal porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora da devandita Xurisdición.

4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

4.1.- Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 49 do LCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 62 do LCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas a finalidade da cal ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais abondos para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, logo de acreditación por empresa, que figuran inscritas en Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no

tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato, así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 LCSP.

4.2.- Ademais dos requisitos salientados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través de calquera dos medios de xustificación sinalados nos art. 64 e 65 da LCSP.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que fosen expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos salientados no artigo 73.1 da LCSP.

4.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que tivesen participado na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que a devandita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras.

4.4.- Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso.

Os representantes dos licitadores deberán ter poder bastanteado por letrado.

5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES.

Para ser adxudicatario do presente contrato de “Saneamento do núcleo de Poboación de Santa-lla de Rei. Continuación” non é preciso estar en posesión de clasificación empresarial ningunha, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica, financeira e técnica, polos medios establecidos na cláusula 4.2 do presente prego.

6.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN.

6.1.- O orzamento máximo de licitación das obras, IVE incluído será de trinta e catro mil oitocentos vintecinco euros e trinta e sete céntimos (34.825,37€).

6.2.- O importe do orzamento do contrato e os prezos unitarios que rexerán durante a execución das obras, serán os que resulten da aprobación da proposición seleccionada.

7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO.

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven da contratación, con cargo á partida orzamentaria: 161.619.

8.- REVISIÓN DE PREZOS.

Dado que o prazo de execución das obras no é superior a un ano, na presente contratación non haberá revisión de prezos.

9.- PRAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

9.1.- O prazo máximo de execución das obras será de dous meses, a contar dende sinatura da acta de comprobación do replanteo.

9.2.- De conformidade co establecido no artigo 197.2 do LCSP, dito prazo de execución poderá prorrogarse cando o contratista non puidese cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

II. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

10.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN.

10.1.- A adxudicación do contrato realizarase polo órgano de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, baseándose no establecido no artigo 155 letra d), da LCSP.

10.2.- Para iso, o órgano de contratación deberá cursar petición de ofertas polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do contrato, se iso é posible, coas cales negociará os aspectos técnicos e económicos que se detallan a continuación, dentro dos límites establecidos no presente prego:.

.- Prezo. Se valorará a razón de un punto por cada cen euros de baixa ofertada.

.-Importe das melloras sen custo para o Concello que o contratista estea disposto realizar. Se valorará a razón de 10 puntos por cada cen euros de mellora ofertada.

11.- OFERTAS DOS INTERESADOS.

11.1.- As ofertas presentaranse no lugar e prazo sinalado na carta de convite, na que se indicará, igualmente, as dependencias onde se poida realizar o exame do prego e demais documentación.

A presentación da oferta, que deberá ser redactada segundo o modelo anexo ao presente prego, presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas do presente prego.

11.2.- Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas á totalidade das obras obxecto do contrato.

11.3.- Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato, sen que se poidan presentar variantes ou alternativas.

12.- DOCUMENTACIÓN QUE HA DE ACOMPAÑAR ÁS OFERTAS.

As ofertas presentaranse acompañadas da seguinte documentación, que deberá detallarse nunha relación subscrita polo representante da empresa interesada.

12.1.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, se é o caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:.

12.1.1.- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscrita nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

Igualmente, ditas empresas deberán ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil. .

12.1.2.- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, bastantado por letrado. A achega da mera dilixencia de verificación do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste.

12.2.- Os licitadores deberán achegar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego.

12.3.- Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 49 da LCSP, comprendendo expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e coa Excm. Deputación Provincial de Lugo, e de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

12.4.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

12.5.- No caso de que o licitador este inscrito no Rexistro de Licitadores da Deputación Provincial de Lugo, certificado ou copia compulsada da notificación na que se faga constar o número de licitador co que resultou inscrito, sempre e cando a documentación de dita inscrición este actualizada. A presentación desta documentación eximirá ó licitador de ter que presentar documentación algunha, agás a figurada nos apartados: 12.1.2. (de ser o caso); 12.4. (de ser o caso).

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia, agás o documento acreditativo da garantía provisional, se é o caso, que haberá de achegarse en orixinal. .

13.- EXAME DAS OFERTAS E NEGOCIACIÓN.

13.1.- Concluído o prazo de presentación de ofertas, examínase a documentación relativa á capacidade e solvencia achegada polos interesados, outorgando no seu caso un prazo de subsanación non superior a tres días hábiles, e solicitando, se fose necesario, as aclaracións ou documentación complementaria a que se refire o artigo 71 da LCSP.

13.2.- O órgano de contratación poderá negociar cos interesados que reúnan os requisitos de capacidade e solvencia esixidos, os termos das súas ofertas a que se refire a cláusula 10.2, velando por que todos os interesados reciban igual trato, e en particular non facilitando, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados interesados con respecto ao resto.

14.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL.

14.1.- Tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime convenientes, o órgano de contratación ditará adxudicación provisional do contrato no prazo máximo de dous meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación das ofertas.

14.2.- Transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior sen que se ditara acordo resolutorio, os interesados poderán retirar as súas ofertas.

14.3.- A adxudicación provisional deberá ditarse en todo caso, sempre que algunha das ofertas presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación. Non obstante, nos termos previstos no artigo 139 da LCSP, a Administración, antes de ditar a adxudicación provisional, poderá renunciar a asinar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non subsanables, debendo de indemnizar os licitadores, en ambos os dous casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles efectivamente ocasionase.

14.4.- A adxudicación provisional deberá notificarse aos interesados, e publicarse no perfil de contratante da páxina Web do órgano de contratación.

15.- CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

15.1.- O adxudicatario provisional deberá acreditar, no prazo de 15 días hábiles dende que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante da páxina Web do órgano de contratación, a constitución da garantía definitiva por importe do 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE.

15.2.- A garantía poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesouraría do Concello da Pobra do Brollón.

15.3.- Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 87 da LCSP.

15.4.- No prazo de quince días, contado dende a data en que se fagan efectivas, se é o caso, as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía constituída na contía que corresponda, incorrendo, no caso contrario, en causa de resolución.

16.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO ADXUDICATARIO.

16.1.- O adxudicatario provisional deberá acreditar, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante da páxina Web do órgano de contratación, que atopa o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, da Seguridade Social e co concello da Pobra do Brollón.

16.1.1.- A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:.

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non se dar de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración da Xunta de Galicia, polo que respecta ás obrigas tributarias con esta.

- Certificación expedida pola Tesourería do concello, polo que respecta ás obrigas tributarias con esta.

O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, haberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

16.1.2.- A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que haxa de terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

16.2.- As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP e, no seu caso, poderán ser remitidas ao órgano de contratación por vía electrónica, de acordo coa normativa vixente aplicable ao respecto.

16.3.- Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de acharse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, haberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se achan ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado haberá de referirse aos doce últimos meses.

16.4.- No caso de que o licitador este inscrito no Rexistro de Licitadores da Deputación Provincial de Lugo, e sempre e cando a documentación de dita inscrición este actualizada, o adxudicatario só estará obrigado a presentación da garantía definitiva.

17.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA.

17.1.- Dentro dos 10 días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de 15 días hábiles para a presentación da documentación do adxudicatario provisional, a que se refire a cláusula anterior, a primeira tenente de alcalde deberá ditar resolución de adxudicación definitiva a favor do adxudicatario provisional, sempre que este presentara a devandita documentación e acreditara que reúne as condicións esixidas ao efecto.

17.2.- Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao interesado que resultase adxudicatario provisional, por non cumprir este as condicións necesarias para iso, a Administración, de conformidade co establecido no artigo 135.5 da LCSP, poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao interesado ou interesados seguintes a aquel, pola orde en que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario prestara a súa conformidade, en cuxo caso se concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprir o sinalado nas cláusulas 15 e 16.

III. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

18.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

18.1.- O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de dez días hábiles dende a data da notificación da adxudicación definitiva, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá, formando parte do contrato, o prego de cláusulas administrativas particulares e a fianza definitiva.

18.2.- O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así solicíteo o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

18.3.- Se por causa imputable ao adxudicatario non puidese formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a súa resolución, seguindo para tal efecto o procedemento establecido no artigo 109 do Regulamento Xeral da LCAP. En tal suposto, procederá a indemnización dos danos e prexuizos ocasionados.

Nestes casos, a Administración, de conformidade co establecido no artigo 135.5 da LCSP, poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao licitador ou licitadores seguintes a aquel, pola orde en que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario prestara a súa conformidade, en cuxo caso se concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprir o sinalado nas cláusulas 15 e 16.

18.4.- No suposto de que no expediente recaera declaración de urxencia, se poderá, logo de constitución de garantía definitiva cando fose esixible, iniciar a execución do contrato sen a previa formalización, de acordo co previsto no artigo 96.2.c) da LCSP.

IV. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

19.- COMPROBACIÓN DO REFORMULO .

19.1.- No prazo non superior a un mes dende a data de formalización do contrato, salvo casos excepcionais xustificados, procederase, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo realizado previamente á licitación, de acordo co establecido no artigo 212 da LCSP, e nos artigos 139, 140 e 141 do Regulamento Xeral da LCAP.

19.2.- No caso de que o expediente de contratación fose declarado de tramitación urxente, a comprobación do reformulo realizarase a partir do momento en que o adxudicatario constituíra a garantía definitiva.

19.3.- Cando, a xuízo do facultativo director das obras, e sen reserva por parte do contratista, o resultado da comprobación do reformulo demostre a posesión e disposición real dos terreos, a súa idoneidade e a viabilidade do proxecto, darase polo director da obra a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na acta estendida, da autorización da cal quedará notificado o contratista polo feito de subscribila, e empezándose a contar o prazo de execución das obras dende o día seguinte ao da sinatura da acta.

20.- PROGRAMA DE TRABALLO.

O contratista deberá axustar a execución da obra ao programa de traballo previsto no proxecto aprobado.

21.- SINALIZACIÓN DE OBRAS.

21.1.- O contratista está obrigado a instalar, á súa costa, os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debido á marcha daqueles, tanto na devandita zona coma nos seus lindes e inmediacións.

O contratista cumprirá as ordes que reciba por escrito da dirección acerca de instalacións de sinais complementarios ou modificación das que instalara.

Os gastos que orixine a sinalización serán de conta do contratista.

21.2.- No prazo máximo de 15 días laborables dende a orde de iniciación, o contratista colocará onde se realiza a obra, no lugar que fixe o director de esta, un cartel, como mínimo, axustado ás normas sobre réxime de publicidade obrigatoria nas obras do P.O.S..

21.3.- Transcorrido o prazo fixado no apartado anterior sen que o contratista instalara a sinalización referida neste, esta será instalada pola propia Administración, correndo os gastos por conta do contratista.

V. EXECUCIÓN DAS OBRAS.

22.- DIRECCIÓN DA OBRA E DELEGADO DO CONTRATISTA.

22.1.- A Administración, a través do director facultativo nomeado ao efecto, efectuará a inspección, comprobación e vixilancia para a correcta realización da obra contratada, emitindo as súas ordes e instrucións ao contratista por medio do seu delegado de obra.

23.- RESPONSABLE SUPERVISOR DOS TRABALLOS OBXECTO DO.

O órgano de contratación poderá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do traballo, quen supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e cursará ao contratista as ordes e instrucións

do órgano de contratación. En particular, corresponderalle a quen, no seu caso, sexa designado como responsable do contrato as seguintes atribucións:

- Propoñer ao órgano de contratación as penalizacións a impoñer ao contratista en caso de incumprimentos do contrato imputables a este.

- Concorrer á recepción das obras e, no seu caso, telas por recibidas.

As devanditas atribucións enténdense sen prexuízo das que corresponden ao director facultativo da obra, de acordo co disposto no Capítulo V do Título II do Libro IV da LCSP.

24.- OBRIGAS DO CONTRATISTA).

24.1.- As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica deste, dese ao contratista o director facultativo das obras. Cando as devanditas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito no máis breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

O contratista deberá observar así mesmo as instrucións que, no seu caso, lle dese o designado polo órgano de contratación como responsable do contrato, no ámbito das súas atribucións.

24.2.- Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

Se a xuízo do facultativo director designado pola Administración, houberse algunha parte da obra executada deficientemente, o contratista deberá refacela sen dereito a indemnización de ningún xénero, aínda que se houberse apreciado despois da recepción.

Se a dirección estima que as unidades de obras defectuosas ou que non cumpren estritamente as condicións do contrato son, non obstante, admisibles, pode propoñer á Administración a súa aceptación, coa conseguinte rebaixa nos prezos. O contratista, en tal caso, queda obrigado a aceptar os prezos rebaixados fixados pola Administración, salvo que prefira demoler e reconstruír as unidades defectuosas pola súa conta e conforme ás condicións do contrato.

24.3.- O contratista virá obrigado a manter durante toda a vixencia do contrato as condicións referidas a súa capacidade de obrar, solvencia e as sinaladas no artigo 49 da LCSP.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido no artigo 214 da LCSP.

Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes deste, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis.

24.4.- O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter o seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, a todos os efectos, a condición de empresario.

25.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.

25.1.- Son de conta do contratista todos os gastos derivados da formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública.

25.2.- Tanto nas proposicións presentadas polos licitadores, coma nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidas todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultasen necesarios para a execución do contrato así como os honorarios de dirección de obra que se fixan no 4% sobre o orzamento de execución material.

25.3.- Serán de conta do contratista os gastos de ensaio e controis de calidade acordados pola dirección da obra nunha contía máxima equivalente ao 1% do orzamento da obra. Non obstante, non terán tal limitación e correrán integramente por conta do contratista, os gastos derivados de controis que sexa necesario realizar como consecuencia de defectos na calidade e na execución da obra.

26.- ABONOS AO CONTRATISTA.

26.1.- Para os efectos de pagamento ao contratista, o director da obra expedirá certificacións mensuais da obra realizada que terán a consideración de abonos a conta, debendo tramitalas nos dez días seguintes ao período a que correspondan e remitir unha copia ao contratista para os efectos de que este, no prazo de 10 días hábiles, manifieste a súa conformidade ou o seu reparo, debendo contar aquelas co visto bo do facultativo supervisor da obra designado pola Administración.

26.2.- O pagamento das certificacións de obra unha vez aprobadas realizarase acompañados das facturas expedidas de acordo coa normativa vixente. A Administración deberá aboar o importe das certificacións dentro dos sesenta días seguintes á data de expedición dos documentos que acrediten a realización do contrato.

En caso de demora pola Administración no pagamento do prezo, esta deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de sesenta días, os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen mediadas contra a morosidade nas operacións comerciais.

Se a demora no pagamento fose superior a catro meses, contados a partir do vencemento dos dous meses a que se refire o parágrafo anterior, o contratista poderá proceder, se é o caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación, tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

Se a demora da Administración fose superior a oito meses, contados a partir do vencemento do prazo de dous meses a que se refire o parágrafo primeiro da presente cláusula, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen.

26.3.- O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista nos prazos contractuais, non tendo dereito, non obstante, a percibir maior cantidade do prezo que a consignada na anualidade correspondente, abonándose as certificacións que excedan da devandita contía unha vez iniciada a anualidade seguinte.

26.4.- Logo de petición escrita de contratista, poderanse realizar abonos a conta por abastos de materiais e gastos de instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías previstas nos artigos 155, 156 e 157 do Regulamento Xeral da LCAP.

26.5.- O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a devandita cesión produza efectos, e a Administración expida o mandamento de pagamento a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión. (**art. 201 LCSP**).

27.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS.

27.1.- O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos na cláusula 9 e 20 do presente prego.

27.2.- Se chegado o final da obra, ou o termo dalgún dos seus prazos parciais, o contratista houbese incorrido en demora, por causa imputable a este, a Administración poderá optar indistintamente,

pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

27.3.- A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

27.4.- A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

27.5.- Se se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 197.2 da LCSP.

28.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO.

28.1.- No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato.

28.2.- Cando o contratista, por causas imputables a este, houbese incumplido parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impoñer as penalidades establecidas na Base 27.2.

V. SUBCONTRATACIÓN.

29.- SUBCONTRATACIÓN.

O contratista non poderá subcontratar con terceiros mais do 50% do valor da obra previa autorización do concello.

VI. MODIFICACIÓN DE CONTRATO.

30.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO.

30.1.- O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 194, 202 e 217 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación deberá aprobar, previamente á súa execución, a modificación do contrato, e ambas as dúas partes deberán subscribir a correspondente addenda ao contrato inicial, de acordo co disposto no artigo 202.3 da LCSP, en relación co artigo 140 da devandita lei.

30.2.- Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, cando esta sexa unha das comprendidas no contrato, sempre que o importe non supere o 20% do orzamento inicial e non represente unha alteración substancial do proxecto inicial. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

Se o importe da modificación superase o 20% do orzamento inicial, será necesario o mutuo acordo das partes.

30.3.- Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou as características da cal difiran substancialmente delas, os seus prezos de aplicación serán fixados pola Administración, logo de audiencia de contratista. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, ou executalas directamente.

30.4.- Cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase con carácter de urxencia, seguíndose ao efecto as actuacións previstas no artigo 217.3 da LCSP.

31.- SUSPENSIÓN DAS OBRAS.

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 200.5 da LCSP e a cláusula 26.2 do presente prego, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel. A devandita acta deberá ser asinada por o un representante do órgano de contratación, polo contratista e polo director da obra, debendo anexarse a esta a medición da obra executada e os materiais acopiados a pé de obra utilizables exclusivamente na parte ou partes da obra suspendida.

Acordada a suspensión, a Administración aboará ao contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

VII. FINALIZACIÓN DO CONTRATO.

32.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN DAS OBRAS.

32.1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de acordo cos seus termos e a satisfacción da Administración.

32.2.- O contratista, cunha antelación de corenta e cinco días hábiles, comunicará por escrito á dirección da obra a data prevista para a terminación ou execución do contrato, para os efectos de que se poida realizar a súa recepción.

Ao acto da recepción, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 2 meses, de acordo co preceptuado nos artigos 163 e 164 do Regulamento Xeral da LCAP, deberán concorrer o designado pola Administración como responsable do contrato, no seu caso, ou un facultativo designado pola Administración ao efecto, así como un representante da Intervención Xeral, se procede, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Se se atopan as obras en bo estado e conforme ás prescricións previstas, o representante da Administración daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando, se é o caso, o prazo de garantía.

Pola contra, cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta, e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o houbese efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

32.3.- Sempre que por razóns excepcionais de interese público, debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, dende que se produza a devandita ocupación efectiva ou posta en servizo produciranse os efectos e consecuencias propios do acto de recepción, de acordo co previsto no artigo 168 do Regulamento Xeral da LCAP.

32.4.- Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ao uso público de forma separada ou independente, en cuxo caso, deberá expedirse a correspondente certificación a conta.

33.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de nos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 206 e 220 da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 207 e 222 da LCSP.

34.- CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA E LIQUIDACIÓN.

34.1.- Dentro do prazo de tres meses a contar dende a data da acta de recepción o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista, dentro do prazo de sesenta días a partir da súa expedición, a conta da liquidación do contrato.

No prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía a que se refire a cláusula seguinte, o director facultativo da obra redactará, de oficio ou a instancia do contratista, un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o director formulará, no prazo dun mes, a proposta de liquidación, que será notificada ao contratista para que, no prazo de dez días, preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que considere oportunos.

Dentro do prazo de sesenta días contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo de dez días de que este dispón para tal fin, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, no seu caso, o saldo resultante desta.

34.2.- Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir o abono dos xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento, nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

35.- PRAZO DE GARANTÍA.

35.1.- O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de un ano , a contar dende a data de recepción das obras, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego.

35.2.- Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que houbese podido incorrer, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 218 da LCSP.

36.- DEVOLUCIÓN O CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

36.1.- Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

36.2.- No suposto de recepción parcial non se autorizara a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía.

36.3. – Transcorrido seis meses dende a data de terminación do contrato sen que a recepción formal houbese tido lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 88 de LCSP.

2º.- CESIÓN DO USO DO LOCAL SOCIAL DA ESTACIÓN.

Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

O concello é propietario do edificio situado na denominada finca do Viveiro na Estación. Para mellora-la súa xestión, e como se ten feito xa con outros locais sociais, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo proxecto de convenio entre o concello, a Asociación de Veciños Santa María da Cabeza e a Asociación Cultural O Acivo, ámbalas dúas da Estación para a xestión e uso do local Social da Estación situado na finca Viveiro, e segundo as cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á primeira Tenente de Alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.

3.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Establecer un convenio de cooperación entre o Concello da Pobra do Brollón, a Asociación de Veciños Santa María da Cabeza e a Asociación Cultural O Acivo mediante o cal o primeiro encarga e delega nas dúas asociacións conxuntamente a xestión do uso público do edificio situado na finca Viveiro da Estación, xestión que ámbalas dúas realizarán en nome de aquel.

O uso dos locais do edificio será público de acordo coa súa natureza sen prexuízo das restricións de uso que pola mesma lle correspondan os locais destinados a oficinas ou despachos.

En función da natureza dos actos que se realicen as asociacións poderán establecer unha taxa ou prezo de entrada.

O concello poderá, respectando a programación de actividades que teñan establecidas as asociacións e de acordo con elas organizar actividades acordes coa natureza das instalacións.

a Asociación de Veciños Santa María da Cabeza e a Asociación Cultural O Acivo se subrogan solidariamente en tódalas obrigas do concello que resultan da achega do Plan Leader para a execución das obras.

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas, o concello poderá acorda-la denuncia deste convenio que quedaría sen efectos, e o concello recuperaríase para si a xestión do uso público do citado edificio.

Os gastos de subministro eléctrico, auga, lixo, limpeza, mantemento, teléfono e similares serán con cargo ás asociacións.

A duración deste convenio e da cesión do edificio será de dez anos ata o trinta e un de decembro de dous mil vinte, prorrogándose por anos naturais salvo denuncia de calquera das partes con dous meses de antelación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e quince minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a catorce de xullo de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte dous de xullo de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE XULLO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as doce horas do día vinte e dous de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- ESCRITOS DE DENUNCIA DE D^{NA}. DOLORES CASTRO GONZÁLEZ.

Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Por D^{na}. Dolores Castro González se presentaron diversos escritos nos que denuncia a execución de obras e a existencia dunha explotación gandeira sen licenza no lugar de Tudriz, parroquia de Lamai-grexa, e solicita o seu peche.

Visto o informe do técnico municipal no que indica que "independentemente de que se trate de unha explotación existente con anterioridade ao 01.01.2003 e recoñecida como tal e non se cuestione o mantemento da actividade, esta debe cumprir a lexislación medioambiental e sanitaria vixente en cada momento", e carecendo o concello de técnicos axeitados, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Solicitar dos servizos competentes das consellarías de Sanidade e de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia a emisión dun informe sobre o expediente.

2.- Solicitar dos servizos de asesoría en materia medioambiental da Deputación Provincial de Lugo a emisión dun informe sobre o expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada, o informe do técnico municipal e a autorización da Deputación Provincial de Lugo, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{na}. Consuelo López Fernández, don D.N.I. nº. 34.146.125-A para realizar obras de rehabilitación de cuberta no edificio nº. 2 da Avda. de Galicia desta vila (referencia catastral, 2129105PH3122N0001XX).

2.- Na execución das obras haberá de dar estrito cumprimento as concisións que se indican no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de trescentos noventa e catro euros con catorce céntimos (394,14€) que figura no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, o informe do técnico municipal e a autorización da Deputación Provincial de Lugo, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Manuel Álvarez Franco, don D.N.I. nº. 34.145.431-E para realizar obras de reparación e conservación de vivenda no lugar de O Pacio, parroquia de Piño (referencia catastral, 002400300PH21H0001EB).

2.- Na execución das obras haberá de dar estrito cumprimento as concisións que se indican no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de cento noventa e seis euros con catorce céntimos (196,14€) que figura no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada, o informe do técnico municipal e a autorización da Deputación Provincial de Lugo, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{na}. Dosinda Castro Dapresa, don D.N.I. nº. 34.145.808-P para realizar obras de rehabilitación do edificio nº. 22 da Avda. da Feira desta vila (referencia catastral, 2129502PH3122N0001AX).

2.- Na execución das obras haberá de dar estrito cumprimento as concisións que se indican no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de cincocentos sesenta e oito euros con catorce céntimos (568,14€) que figura no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada, o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{na}. María Armesto Pérez, don D.N.I. nº. 34.214.414-M para realizar obras de rehabilitación da cuberta do edificio nº. 5 do lugar de A Lama, parroquia de Eixón (referencia catastral, 000401500PH21D).

2.- Na execución das obras haberá de dar estrito cumprimento as concisións que se indican no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de douscentos noventa e oito euros con cincuenta e seis céntimos (298,56€) que figura no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:

<i>Titular</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>Antonio Besteiro Maceda</i>	<i>76.608.433-X</i>	<i>3182-CFD</i>	<i>2010</i>

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- COMPROMISO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Visto o expediente da obra que se indica e o escrito da Deputación Provincial de Lugo 5.990/2010 de 5 de abril, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Comprometerse coa Deputación Provincial de Lugo a trasladar a costa do concello as conducións subterráneas situadas a menos de seis metros do eixo da estrada Lu-4701 “da Pobra do Brollón, por Parada dos Montes, a Folgoso do Caurel” que se instalen na execución da obra “mellora da rede de saneamento e de infraestruturas de depuración de augas residuais urbanas do concello da Pobra do Brollón”.

2.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as doce horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte tres xullo de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dous de agosto de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DOUS DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día dous de agosto de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación das actas das sesións celebradas os días catro e dezaoto de xuño e cinco, catorce e vinte e dous de xullo, tras corrixi-lo erro de transcripción informática suprimindo o que figuraba como punto catro da acta de cinco de xullo que é realmente o punto tres da de dezaoto de xuño.

2º.- CONTRATACIÓN DE PERSOAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

Tendo que proceder á contratación de persoal para cubrir unha praza de técnico en saúde medioambiental subvencionada polo Plan Concertado da Xunta de Galicia, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Aproba-las bases que han de rexer o proceso de selección, entre os propostos polo Servizo Galego de Colocación, para a contratación dun técnico en saúde medioambiental, e que se inclúen a seguir.

2.- Convocar o correspondente proceso selectivo.

BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL CON CARÁCTER TEMPORAL (PROGRAMAS DE COOPERACIÓN XUNTA DE GALICIA- ENTIDADES LOCAIS 2010) PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

1.- OBXECTO.-

Estas bases teñen como finalidade a determinación do sistema, procedemento e baremo que se aplicará na selección de (TÉCNICO SUPERIOR SAÚDE MEDIOAMBIENTAL), conforme co previsto nos artigos 12 e 13 da Orde de 19 de febreiro de 2010 (DOG número 40 de 1/3/10 da Consellería de Traballo e benestar, reguladora das axudas referidas a Programas de Cooperación Xunta de Galicia-Entidades Locais 2010 solicitadas polo Concello de Traballo e Benestar Lugo e subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Entidade e na páxina web www.pobradobrollon.es

2.- RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES COA ENTIDADE SOLICITANTE DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

Os traballadores estarán vinculados á entidade solicitante, mediante a modalidade de contrato de duración determinada de interese social estando a súa relación laboral determinada polo que así estableza o Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello da Pobra do Brollón. Os contratos de traballo terán carácter temporal, cunha duración de doce meses e a xornada será completa.

3- ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE

O proceso se iniciará exclusivamente, coa tramitación de oferta de emprego ante o Servizo Público de Emprego de Galicia. O número de prazas a ofertar será UNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR SAÚDE AMBIENTAL.

A oficina de emprego comunicará aos candidatos o lugar, día e hora no que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubrir a oferta de emprego formulada, indicándolles que deberán presentar con anterioridade a data fixada para a Entrevista e a través do Rexistro Xeral do Concello a documentación que acredite os méritos que alegue o aspirante.

4.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes terán superado os estudos de técnico superior de saúde ambiental ou equivalente.

5.- REQUISITOS XERAIS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán manifestar que reúnen os requisitos que seguidamente se sinalan na data fixada para a realización da entrevista e que están en condicións de acreditarlos, unha vez superadas as probas selectivas, antes de que se dite resolución a favor dos aspirantes que vaian ser contratados temporalmente.

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- d) *Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.*
- e) *Posuír ou estar en condicións de obter o Título académico esixido na base terceira. No caso de Titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.*
- f) *Ser desempregado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.*
- g) *Con carácter xeral, non ser contratado no marco de programas de cooperación por un período superior aos nove meses nos tres últimos anos, contados dende a finalización do último contrato.*

6.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

6.1. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.-

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do EBEP e estará integrado por cinco membros:

- *Presidente.*
- *Secretario.*
- *3 Vogais.*

Por cada membro do tribunal nomearase un suplente, podendo actuar indistintamente titulares ou suplentes.

Todos os membros do Tribunal terán voz e voto

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos ou o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por Decreto do Alcalde- Presidente, debendo posuír, en calquera caso, titulación ou especializacións iguais ou superiores as esixidas para o acceso a función convocada.

Todos eles deberán estar adscritos a un posto de traballo que requira igual ao maior nivel de titulación esixido para cada un dos postos de traballo.

6.2.- INCORPORACIÓN DE ASESORES E PERSOAL DE COLABORACIÓN

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o concurso-oposición

8.- BAREMO DE MÉRITOS

Poderase obter ata un máximo de 17 puntos

8.1.- TITULACIÓNS ACADÉMICAS

A puntuación máxima neste apartado será de 1 puntos.

As titulacións académicas distintas á esixida para o acceso a contratación, sempre que o Tribunal considere que están relacionadas coas funcións a desenvolver, valoraranse a razón de 0,25 puntos se a titulación é do mesmo nivel e 0,5 puntos se a titulación é de nivel superior.

Non se puntuarán neste apartado as titulacións que se tiveran en conta nas puntuacións outorgadas noutros apartados deste baremo.

8.2.- CURSOS, ESTUDOS, XORNADAS RELACIONADAS COAS FUNCIÓNS DO POSTO A QUE SE OPTASE:

Valoraranse seguindo a seguinte táboa ata un máximo de 1 puntos.

CURSOS DE	PUNTUACIÓN POR HORA
ASISTENCIA	0,005
APROVEITAMENTO	0,010

Os cursos de informática valoraranse sempre que o Tribunal considere que están relacionados coas funcións da praza á que se opta.

8.3.- IDIOMA GALEGO

A puntuación máxima neste apartado será de 1 punto

O coñecemento do idioma galego puntuarase do seguinte xeito:

-CELGA 3 , curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación , curso de nivel elemental de lingua e cultura galegas para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,5 puntos.

-CELGA 4, Curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galgas para estranxeiros 1º e 2º e 3º curso da escola oficial de idiomas 1 punto.

8.4.- EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima posible para cada aspirante neste apartado será de 2 puntos.

Por cada mes completo traballado nun posto igual ou similar con funcións directamente relacionadas co posto a cubrir: 0,05 puntos por mes traballado. Valoraranse a experiencia en na Administración estatal, autonómica, local e na empresa privada

8.5.- DESEMPREGO

A puntuación máxima neste apartado será de 2 puntos.

Por cada mes completo, en situación de desemprego total desde o último fin de contrato valorarase 0,1 puntos.

8.7.- PROBA PRACTICA

A proba eliminatoria valorarase ata un máximo de 10 puntos.

A proba terá como finalidade apreciar o grao de coñecementos, formación e experiencia acreditada no currículo e aptitudes informáticas, en relación coas funcións á que vai desempeñar. Versará sobre o grao de formación xeral e técnica na que se valorará principalmente a aptitude e actitude para o posto de traballo que se convoca.

8.8.- ENTREVISTA CURRICULAR

En caso de empate entre candidatos realizarse unha entrevista curricular que se valorará ata un máximo de 1 punto.

9.- MODO DE ACREDITACIÓN DOS MÉRITOS:

A) Documentación acreditativa dos méritos.

Os candidatos convocados polo Servizo Público de Emprego de Galicia, deberán presentar os seus méritos con anterioridade a data da entrevista no Rexistro Xeral da Entidade, coas xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/función que se convoca, mediante:

Currículo vitae actualizado e acreditado mediante:

- *Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social á que deberá achegarse contrato de traballo inscrito no SPEE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas se os servizos se prestaron en empresas privadas, nos que se poida comprobar que as funcións ou tarefas realizadas se corresponden coas da praza/posto/función.*
- *Copia autenticada da/s titulación/s, cursos, másters, etc.*
- *Certificado de períodos de inscrición emitido polo Servizo Público de Emprego de Galicia*

Non se valorarán os méritos que non se acrediten documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data da realización da entrevista, computándose en calquera caso ata a citada data.

B) Consecuencias do incumprimento do establecido no apartado anterior.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fóra do prazo de presentación de instancias xa que non poderá subsanarse. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

10.- CUALIFICACIÓN FINAL.-

A cualificación final virá determinada pola sumas das puntuacións obtidas no concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

No caso de empate acudirase ao establecido no artigo 12.4 da Orde do 19 de febreiro de 2010 (DOG número 40 de 1/3/2010).

11.- PROPOSTA DE SELECCIÓN

O presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante o Alcalde- Presidente do Concello, sen que esta poida superar o número de postos. A devandita proposta publicárase no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web da Entidade.

O Tribunal establecerá a orde do resto de aspirantes que non foron seleccionados.

No obstante o anterior, sempre que os órganos de selección propuxeran a resolución do proceso selectivo a favor de igual número de aspirantes que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a cobertura das mesmas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados, antes da contratación o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan aos propostos,

En caso de renuncia expresa á contratación por parte dos candidatos seleccionados procederase á contratación do seguinte na relación dos non seleccionados de acordo coa orde establecida na mesma

12.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Xeral da Excma. Deputación Provincial a seguinte documentación

a) Fotocopia do DNI, que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa.

b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.

c) *Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.*

d) *Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados xustificando ter feito o pagamento dos dereitos para a súa expedición.*

e) *Acreditación de ser desempregado e estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.*

g) *Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria*

O prazo de presentación será de 5 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no Taboleiro de Edictos, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

-RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos esixidos, o Alcalde- Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación.

A non presentación no posto de traballo no día e hora indicados para o comezo da relación laboral, enténdese como renuncia ao posto de traballo salvo causas debidamente xustificadas.

13.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes

14.- RECURSOS.

*Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello da Pobra do Brollón no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime **procedente**.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- CONTRATACIÓN DE OBRAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Visto o expediente de contratación da obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo proxecto técnico e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación polo procedemento negociado sen publicidade da obra de “Saneamento do núcleo de Santalla de Rei, continuación” que figuran a seguir.*

2.- *Iniciar o proceso de contratación.*

3.- *Facultar á primeira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA CONTRATOS ADMINISTRATIVOS DE OBRAS MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

I DISPOSICIÓNS XERAIS

1.- **OBXECTO DO CONTRATO** (arts. 22, 74 e 100 LCSP, 67 RG,)

1.1.- O obxecto do contrato será a realización das obras de “Saneamento do núcleo de Santalla de Rei, continuación” co fin de dotar das infraestruturas de Saneamento ao núcleo de Poboación de Santalla de Rei.

1.2. – As obras realizaranse de acordo co presuposto redactado por Pablo Núñez Otero e Javier González Casanova- Gaia Enxeñaría, que se aproba conxuntamente con presente Prego.

1.3.- Terán carácter contractual os planos, o prego de prescricións técnicas, a memoria no referente á descrición dos materiais básicos ou elementais que formen parte das unidades de obra, os cadros de prezos, o programa de traballo do proxecto e, no seu caso, que presente o adxudicatario, unha vez aprobado pola Administración.

2.- ÓRGANO DE CONTRATACIÓN (arts. 40.1 e 291 LCSP, 4 RG)

2.1.- O órgano de contratación, que actúa en nome da Administración Pública do Concello da Pobra do Brollón o é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do Proxecto Técnico que servirá de base para a realización das obras, así como da adxudicación provisional do contrato. Nos restantes actos procedementais o órgano competente será a Tenente de Alcalde delegada de urbanismo do Concello da Pobra do Brollón.

2.2.- O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ostenta as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a Xurisdición competente.

3.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN

3.1.- A contratación a realizar cualifícase como contrato de obras de carácter administrativo, de conformidade co establecido nos artigos 6 e 19 da Lei 30/2007, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), quedando sometida á devandita lei, así como ao Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, en tanto continúe vixente, ou ás normas regulamentarias que lle substitúan, e ao Prego de Cláusulas Administrativas Xerais do Estado para a contratación de obras do Estado aprobado polo Decreto 3854/1970, do 31 de decembro, en canto non se opoña á Lei e ao Regulamento Xeral citados. A presente contratación levará a cabo de acordo coas cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

Así mesmo, serán de aplicación as demais disposicións estatais que regulan a contratación do sector público, e as ditadas pola Comunidade Autónoma de Galicia, no marco das súas respectivas competencias.

3.2.- As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación, os acordos da cal porán fin á vía administrativa, e serán inmediatamente executivos, podendo ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou, ou ser impugnado mediante recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei reguladora da devandita Xurisdición.

4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR (art 43, 45, 46,47, 53 e 61.3 LCSP e arts. 9 e 10 RG)

4.1.- Poderán contratar coa Administración as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalguna das circunstancias previstas no artigo 49 do LCSP, extremo que se poderá acreditar por calquera dos medios establecidos no artigo 62 do LCSP.

As empresas deberán ser persoas físicas ou xurídicas a finalidade da cal ou actividade teña relación directa co obxecto do contrato, segundo resulte dos seus respectivos estatutos ou regras fundacionais e dispoñan dunha organización con elementos persoais e materiais abondos para a debida execución do contrato.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante certificación de inscrición nun dos rexistros profesionais ou comerciais que se indican no anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

As restantes empresas estranxeiras deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España do lugar do domicilio da empresa, na que se faga constar, logo de acreditación por empresa, que figuran inscritas en Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato, así como o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 44 LCSP.

4.2.- Ademais dos requisitos salientados, os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica, ben a través da acreditación dunha clasificación axeitada ao obxecto do contrato, ou a través de calquera dos medios de xustificación sinalados nos art. 64 e 65 da LCSP.

Aos efectos previstos no parágrafo anterior, os certificados de clasificación ou documentos similares que fosen expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos salientados no artigo 73.1 da LCSP.

4.3.- Non poderán concorrer á licitación aquelas empresas que hubieren participado na elaboración das especificacións técnicas a que se refire o presente contrato, sempre que a devandita participación poida provocar restricións á libre concorrencia ou supoñer un trato privilexiado con respecto ao resto das empresas licitadoras. (art. 45.1 LCSP)

4.4.- Os que contraten coa Administración, poderán facelo por si, ou mediante a representación de persoas debidamente facultadas para iso. (art. 21 RG)

Os licitadores deberán solicitar e obter do Servizo Xurídico do Deputación Provincial de Lugo, acto expreso e formal de verificación da documentación que pretendan achegar aos efectos de acreditar a súa representación para licitar, con carácter previo á súa presentación.

5.- CLASIFICACIÓN DOS LICITADORES (art 54, disp. transit. 5ª LCSP)

Para ser adxudicatario do presente contrato de “Saneamento do núcleo de Poboación de Santalla de Rei. Continuación” non é preciso estar en posesión de clasificación empresarial ningunha, sen prexuízo de acreditar a correspondente solvencia económica, financeira e técnica, polos medios establecidos na cláusula 4.2 do presente prego.

6.- ORZAMENTO DE LICITACIÓN (arts. 76 LCSP)

6.1.- O orzamento máximo de licitación das obras, IVE engadido será de trinta e catro mil oitocentos vintecinco euros e trinta e sete céntimos (34.825,37€)

6.2.- O importe do orzamento do contrato e os prezos unitarios que rexerán durante a execución das obras, serán os que resulten da aprobación da proposición seleccionada.

7.- EXISTENCIA DE CRÉDITO ORZAMENTARIO (arts. 26.1.k e 93.3 LCSP e 67.2.d RG)

Existe o crédito orzamentario preciso para atender ás obrigas económicas que se deriven da contratación, con cargo á partida orzamentaria: 161.619

8. REVISIÓN DE PREZOS (arts 77 e ss. LCSP).

Dado que o prazo de execución das obras no é superior a un ano, na presente contratación non haberá revisión de prezos.

9. PAZO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS (arts. 23 e 197 LCSP)

9.1.- O prazo máximo de execución das obras será de Dous meses, a contar dende sinatura da acta de comprobación do replanteo

9.2.- De conformidade co establecido no artigo 197.2 do LCSP, dito prazo de execución poderá prorrogarse cando o contratista non puidese cumprilo por causas que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

II ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

10.- PROCEDIMIENTO DE ADXUDICACIÓN (arts. 153 e 162 LCSP)

10.1.- A adxudicación do contrato realizarase polo órgano de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade, baseándose no establecido no artigo 155 letra d), da LCSP.

10.2.- Para iso, o órgano de contratación deberá cursar petición de ofertas polo menos a tres empresas capacitadas para a realización do contrato, se iso é posible, coas cales negociará os aspectos técnicos e económicos que se detallan a continuación, dentro dos límites establecidos no presente prego: (art. 160 LCSP)

.- Prezo.

.- Melloras sen custo para o Concello que han de ser valoradas economicamente.

11. OFERTAS DOS INTERESADOS (art. 80.6 RG e 129 LCSP)

11.1.- As ofertas presentaranse no lugar e prazo sinalado na carta de convite, na que se indicará, igualmente, as dependencias onde se poida realizar o exame do prego e demais documentación.

A presentación da oferta, que deberá ser redactada segundo o modelo anexo ao presente prego, presupón que o interesado acepta de modo incondicional as cláusulas do presente prego.

11.2.- Os interesados haberán de presentar as súas ofertas referidas á totalidade das obras obxecto do contrato.

11.3.- Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato, sen que se poidan presentar variantes ou alternativas. (art. 129.3 LCSP)

12.- DOCUMENTACIÓN QUE HA DE ACOMPAÑAR ÁS OFERTAS (arts. 80.6 RG e 130 LCSP)

As ofertas presentaranse acompañadas da seguinte documentación, que deberá detallarse nunha relación subscrita polo representante da empresa interesada.

12.1.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do empresario e a representación, se é o caso, do asinante da proposición, na forma seguinte:

12.1.1.- Documento Nacional de Identidade, cando se trate de empresarios individuais. Se se trata de persoas xurídicas deberán presentar escritura de constitución, e de modificación no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fuere, deberán presentar o documento de constitución, estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial que fose preceptivo.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, haberán de acreditar a súa capacidade de obrar mediante presentación de certificación ou declaración xurada de estar inscrita nalgún dos rexistros que se indican no Anexo I do Regulamento Xeral da LCAP.

Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente, na que se faga constar que figuran inscritos no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades que constitúen o obxecto do contrato.

Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativa a que o Estado da súa procedencia admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga. (art. 44 LCSP)

Igualmente, ditas empresas deberán ter aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil. (art. 44.2 LCSP)

12.1.2.- Cando o licitador actúe mediante representante, este deberá achegar documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar, bastantado por letrado. A achega da mera dilixencia de verificación do documento de apoderamento poderá suplir a achega deste. (art. 35.f) LRJAP-PAC)

12.2.- Os licitadores deberán achegar a documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica de conformidade co sinalado na cláusula 4.2 do presente Prego.

12.3.- Testemuño xudicial, certificación administrativa ou declaración responsable do licitador outorgada ante unha autoridade administrativa ou organismo profesional cualificado, ou mediante acta de manifestacións ante notario público, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Administración conforme ao artigo 49 da LCSP, comprendendo expresamente a circunstancia de acharse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e coa Excm. Deputación Provincial de Lugo, e de estar dado de alta no Imposto de Actividades Económicas.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá substituírse por declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

12.4.- Para as empresas estranxeiras, declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante.

12.5. – No caso de que o licitador este inscrito no Rexistro de Licitadores da Deputación Provincial de Lugo, certificado ou copia compulsada da notificación na que se faga constar o número de licitador co que resultou inscrito, sempre e cando a documentación de dita inscrición este actualizada. A presentación desta documentación eximirá ó licitador de ter que presentar documentación algunha, agás a figurada nos apartados: 12.1.2. (de ser o caso); 12.4. (de ser o caso).

Toda a documentación a presentar polos licitadores haberá de ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme á lexislación vixente na materia, agás o documento acreditativo da garantía provisional, se é o caso, que haberá de achegarse en orixinal.

13.- EXAME DAS OFERTAS E NEGOCIACIÓN (art. 162 LCSP)

13.1.- Concluído o prazo de presentación de ofertas, examínase a documentación relativa á capacidade e solvencia achegada polos interesados, outorgando no seu caso un prazo de subsanación non superior a tres días hábiles, e solicitando, se fose necesario, as aclaracións ou documentación complementaria a que se refire o artigo 71 de LCSP.

13.2.- O órgano de contratación poderá negociar cos interesados que reúnan os requisitos de capacidade e solvencia esixidos, os termos das súas ofertas a que se refire a cláusula 10.2, velando por que todos os interesados reciban igual trato, e en particular non facilitando, de forma discriminatoria, información que poida dar vantaxes a determinados interesados con respecto ao resto.

14.- ADXUDICACIÓN PROVISIONAL (arts. 135, 139, 145 LCSP)

14.1.- Tras solicitar, no seu caso, os informes técnicos que estime convenientes, o órgano de contratación ditará adxudicación provisional do contrato no prazo máximo de dous meses, a contar dende a finalización do prazo de presentación das ofertas. (art. 145.2 LCSP)

14.2.- Transcorrido o prazo sinalado no apartado anterior sen que se ditara acordo resolutorio, os interesados poderán retirar as súas ofertas. (art. 145.4 LCSP)

14.3.- A adxudicación provisional deberá dítarse en todo caso, sempre que algunha das ofertas presentadas reúna os requisitos esixidos no prego de cláusulas, non podendo en tal caso declararse deserta a licitación. Non obstante, nos termos previstos no artigo 139 da LCSP, a Administración, antes de dítar a adxudicación provisional, poderá renunciar a asinar o contrato por razóns de interese público, ou desistir do procedemento tramitado, cando este adoeza de defectos non subsandables, debendo de indemnizar os licitadores, en ambos os dous casos, dos gastos que a súa participación na licitación lles efectivamente ocasionase.

14.4.- A adxudicación provisional deberá notificarse aos interesados, e publicarse no perfil de contratante da páxina Web do órgano de contratación. (art. 135.3 LCSP)

15. CONSTITUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA (arts. 83, 84, 87 LCSP)

15.1.- O adxudicatario provisional deberá acreditar, no prazo de 15 días hábiles dende que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante da páxina Web do órgano de contratación, a constitución da garantía definitiva por importe do 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o IVE.

15.2.- A garantía poderá constituírse en metálico, mediante aval, en valores públicos ou en valores privados, por contrato de seguro de caución, na forma e condicións establecidas nos artigos 55 e seguintes do Regulamento Xeral da LCAP, debendo depositarse o seu importe, ou a documentación acreditativa correspondente, na Tesouraría do Concello da Pobra do Brollón. Os avais e os certificados de seguro de caución deberán estar bastanteados.

15.3.- Cando, a consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, readaptarase a garantía no prazo de quince días, contados dende a data en que se notifique ao adxudicatario a resolución de modificación do contrato, de acordo co disposto no artigo 87 da LCSP.

15.4.- No prazo de quince días, contado dende a data en que se fagan efectivas, se é o caso, as penalidades ou indemnizacións, o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía constituída na contía que corresponda, incorrendo, no caso contrario, en causa de resolución.

16.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO ADXUDICATARIO PROVISIONAL (arts. 53 e 135.4 LCSP e arts. 13 a 16 RG))

16.1.- O adxudicatario provisional deberá acreditar, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante da páxina Web do órgano de contratación, que atopa o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, da Seguridade Social e coa Excma. Deputación Provincial de Lugo.

16.1.1.- A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias realizarase presentando a seguinte documentación, de acordo cos artigos 13 e 15 do Regulamento Xeral da LCAP:

- Último recibo do Imposto sobre Actividades Económicas ou o documento de alta neste, cando esta sexa recente e non xurda aínda a obriga de pagamento. A alta deberá achegarse en todo caso cando no recibo achegado non conste o epígrafe da actividade. Esta documentación deberá estar referida ao epígrafe correspondente ao obxecto do contrato que os faculte para o seu exercicio no ámbito territorial en que as exercen, debendo complementarse cunha declaración responsable do licitador de non se dar de baixa na matrícula do citado Imposto.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Administración do Estado, polo que respecta ás obrigas tributarias con este último.

- O licitador que non estea obrigado a presentar todas ou algunha das declaracións ou documentos correspondentes ás obrigas tributarias que se relacionan no artigo 13 do Regulamento Xeral da LCAP, deberá de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

16.1.2.- A acreditación de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social realizarase mediante certificación expedida pola autoridade administrativa competente. No suposto que haxa de terse en conta algunha exención, haberase de acreditar tal circunstancia mediante declaración responsable.

16.2.- As certificacións a que se refiren as cláusulas anteriores deberán ser expedidas de acordo co disposto no artigo 15 do Regulamento Xeral da LCAP e, no seu caso, poderán ser remitidas ao órgano de contratación por vía electrónica, de acordo coa normativa vixente aplicable ao respecto.

16.3.- Os estranxeiros, sexan persoas físicas ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de acharse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, deberán de presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se achan ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade. Toda a documentación relacionada neste apartado deberá de referirse aos doce últimos meses.

16.4. – No caso de que o licitador este inscrito no Rexistro de Licitadores da Deputación Provincial de Lugo, e sempre e cando a documentación de dita inscrición este actualizada, o adxudicatario só estará obrigado a presentación da garantía definitiva.

17.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA (art.135.4 LCSP)

17.1.- Dentro dos 10 días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo de 15 días hábiles para a presentación da documentación do adxudicatario provisional, a que se refire a cláusula anterior, o órgano de contratación deberá ditar resolución de adxudicación definitiva a favor do adxudicatario provisional, sempre que este presentara a devandita documentación e acreditara que reúne as condicións esixidas ao efecto.

17.2.- Cando non proceda a adxudicación definitiva do contrato ao interesado que resultase adxudicatario provisional, por non cumprir este as condicións necesarias para iso, a Administración, de conformidade co establecido no artigo 135.5 da LCSP, poderá efectuar unha nova adxudicación provisional ao interesado ou interesados seguintes a aquel, pola orde en que quedaran clasificadas as súas ofertas, sempre que iso fose posible e que o novo adxudicatario prestara a súa conformidade, en cuxo caso se concederá a este un prazo de dez días hábiles para cumprir o sinalado nas cláusulas 15 e 16.

III FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

18.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO (art.. 140 LCSP)

18.1.- O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de dez días hábiles dende a data da notificación da adxudicación definitiva, o documento administrativo de formalización do contrato, ao que se unirá, formando parte do contrato, o prego de cláusulas administrativas particulares e a fianza definitiva.

18.2.- O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, sendo título válido para acceder a calquera rexistro público.

Non obstante, o contrato formalizarase en escritura pública cando así solicíteo o contratista, sendo á súa costa os gastos derivados do seu outorgamento.

As devanditas atribucións enténdense sen prexuízo das que corresponden ao director facultativo da obra, de acordo co disposto no Capítulo V do Título II do Libro IV da LCSP.

24.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

24.1.- As obras executaranse con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares e ao proxecto que serve de base ao contrato e conforme ás instrucións que, en interpretación técnica deste, dese ao contratista o director facultativo das obras. Cando as devanditas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito no máis breve prazo posible, para que sexan vinculantes para as partes.

O contratista deberá observar así mesmo as instrucións que, no seu caso, lle dese o designado polo órgano de contratación como responsable do contrato, no ámbito das súas atribucións.

24.2.- Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista é responsable dos defectos que na construción poidan advertirse.

Se a xuízo do facultativo director designado pola Administración, houbese algunha parte da obra executada deficientemente, o contratista deberá refacela sen dereito a indemnización de ningún xénero, aínda que se houbese apreciado despois da recepción.

Se a dirección estima que as unidades de obras defectuosas ou que non cumpren estritamente as condicións do contrato son, non obstante, admisibles, pode proponer á Administración a súa aceptación, coa conseguinte rebaixa nos prezos. O contratista, en tal caso, queda obrigado a aceptar os prezos rebaixados fixados pola Administración, salvo que prefira demoler e reconstruír as unidades defectuosas pola súa conta e conforme ás condicións do contrato.

24.3.- O contratista virá obrigado a manter durante toda a vixencia do contrato as condicións referidas a súa capacidade de obrar, solvencia e as sinaladas no artigo 49 da LCSP.

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, sen prexuízo do establecido no artigo 214 da LCSP.

Será obriga do contratista indemnizar todos os danos e prexuízos que se causen, por si ou por persoal ou medios dependentes deste, a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Cando tales danos e prexuízos sexan ocasionados como consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración será responsable a mesma dentro dos límites sinalados nas leis.

24.4.- O contratista deberá cumprir, baixo a súa exclusiva responsabilidade, as disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e hixiene no traballo, debendo ter o seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará, a todos os efectos, a condición de empresario.

25.- GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA.

25.1.- Son de conta do contratista todos os gastos derivados da formalización do contrato, se este se elevase a escritura pública.

25.2.- Tanto nas proposicións presentadas polos licitadores, coma nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidas todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que correrán por conta do contratista.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultasen necesarios para a execución do contrato así como os honorarios de dirección de obra que se fixan no 4% sobre o orzamento de execución material e o importe do proxecto.

25.3.- Serán de conta do contratista os gastos de ensaio e controis de calidade acordados pola dirección da obra nunha contía máxima equivalente ao 1% do orzamento da obra. Non obstante, non terán tal limitación e correrán integramente por conta do contratista, os gastos derivados de controis que sexa necesario realizar como consecuencia de defectos na calidade e na execución da obra.

26.- ABONOS AO CONTRATISTA.

26.1.- Para os efectos de pagamento ao contratista, o director da obra expedirá certificacións mensuais da obra realizada que terán a consideración de abonos a conta, debendo tramitalas nos dez días seguintes ao período a que correspondan e remitir unha copia ao contratista para os efectos de que este, no prazo de 10 días hábiles, manifeste a súa conformidade ou o seu reparo, debendo contar aquelas co visto bo do facultativo supervisor da obra designado pola Administración.

26.2.- O pagamento das certificacións de obra unha vez aprobadas realizarase acompañados das facturas expedidas de acordo coa normativa vixente. A Administración deberá aboar o importe das certificacións dentro dos sesenta días seguintes á data de expedición dos documentos que acrediten a realización do contrato.

En caso de demora pola Administración no pagamento do prezo, esta deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de sesenta días, os xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro pola que se establecen mediadas contra a morosidade nas operacións comerciais.

Se a demora no pagamento fose superior a catro meses, contados a partir do vencemento dos dous meses a que se refire o parágrafo anterior, o contratista poderá proceder, se é o caso, á suspensión do cumprimento do contrato, debendo comunicar á Administración cun mes de antelación, tal circunstancia, para os efectos do recoñecemento dos dereitos que poidan derivarse da devandita suspensión, nos termos establecidos na LCSP.

Se a demora da Administración fose superior a oito meses, contados a partir do vencemento do prazo de dous meses a que se refire o parágrafo primeiro da presente cláusula, o contratista terá dereito, así mesmo, a resolver o contrato e ao resarcimento dos prexuízos que como consecuencia diso se lle orixinen.

26.3.- O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista nos prazos contractuais, non tendo dereito, non obstante, a percibir maior cantidade do prezo que a consignada na anualidade correspondente, abonándose as certificacións que excedan da devandita contía unha vez iniciada a anualidade seguinte.

26.4.- Logo de petición escrita de contratista, poderanse realizar abonos a conta por abastos de materiais e gastos de instalacións e equipos adscritos á obra, na forma e coas garantías previstas nos artigos 155, 156 e 157 do Regulamento Xeral da LCAP.

26.5.- O contratista poderá ceder a un terceiro, por calquera dos medios legalmente establecidos, o seu dereito a cobrar o prezo do contrato, pero para que a devandita cesión produza efectos, e a Administración expida o mandamento de pagamento a favor do cesionario, é preciso que se lle notifique fehacientemente a esta última o acordo de cesión. (art. 201 LCSP).

27.- CUMPRIMENTO DOS PRAZOS .

27.1.- O contratista queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato nos termos previstos na cláusula 9 e 20 do presente prego.

27.2.- Se chegado o final da obra, ou o termo dalgún dos seus prazos parciais, o contratista houbese incorrido en demora, por causa imputable a este, a Administración poderá optar indistintamente, pola resolución do contrato con perda da garantía constituída ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

27.3.- A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e prexuízos ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

27.4.- A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

27.5.- Se se producise atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá a petición deste ou de oficio, conceder a prórroga por un tempo igual ao tempo perdido, salvo que o contratista solicite outro menor, de acordo ao disposto no artigo 197.2 da LCSP.

28.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO OU INCUMPRIMENTO PARCIAL DA EXECUCIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO.

28.1.- No caso de que o contratista realizase defectuosamente o obxecto do contrato, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 por 100 do orzamento do contrato.

28.2.- Cando o contratista, por causas imputables a este, houbese incumplido parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impoñer as penalidades establecidas na Base 27.2.

V. SUBCONTRATACIÓN.

29.- SUBCONTRATACIÓN .

O contratista non poderá subcontratar con terceiros mais do 50% do valor da obra previa autorización do concello.

VI. MODIFICACIÓN DE CONTRATO.

30.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO .

30.1.- O contrato poderase modificar por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas debidamente xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 194, 202 e 217 da LCSP.

En todo caso, o órgano de contratación deberá aprobar, previamente á súa execución, a modificación do contrato, e ambas as dúas partes deberán subscribir a correspondente addenda ao contrato inicial, de acordo co disposto no artigo 202.3 da LCSP, en relación co artigo 140 da devandita lei.

30.2.- Serán obrigatorias para o contratista as modificacións do contrato de obras que produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra ou substitución dunha clase de fábrica por outra, cando esta sexa unha das comprendidas no contrato, sempre que o importe non supere o 20% do orzamento inicial e non represente unha alteración substancial do proxecto inicial. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización ningunha.

Se o importe da modificación superase o 20% do orzamento inicial, será necesario o mutuo acordo das partes.

30.3.- Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou as características da cal difiran substancialmente delas, os seus prezos de aplicación serán fixados pola Administración, logo de audiencia de contratista. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que fixase, ou executalas directamente.

30.4.- Cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciárase con carácter de urxencia, seguíndose ao efecto as actuacións previstas no artigo 217.3 da LCSP.

31.- SUSPENSIÓN DAS OBRAS.

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 200.5 da LCSP e a cláusula 26.2 do presente prego, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel. A devandita acta deberá ser asinada por o un representante do órgano de contratación, polo contratista e polo director da obra, debendo anexarse a esta a medición da obra executada e os materiais acopiados a pé de obra utilizables exclusivamente na parte ou partes da obra suspendida.

Acordada a suspensión, a Administración aboará ao contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este.

VII. FINALIZACIÓN DO CONTRATO.

32.- CUMPRIMENTO DO CONTRATO E RECEPCIÓN DAS OBRAS.

32.1.- O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de acordo cos seus termos e a satisfacción da Administración.

32.2.- O contratista, cunha antelación de corenta e cinco días hábiles, comunicará por escrito á dirección da obra a data prevista para a terminación ou execución do contrato, para os efectos de que se poida realizar a súa recepción.

Ao acto da recepción, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 2 meses, de acordo co preceptuado nos artigos 163 e 164 do Regulamento Xeral da LCAP, deberán concorrer o designado pola Administración como responsable do contrato, no seu caso, ou un facultativo designado pola Administración ao efecto, así como un representante da Intervención Xeral, se procede, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Se se atopan as obras en bo estado e conforme ás prescricións previstas, o representante da Administración daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando, se é o caso, o prazo de garantía.

Pola contra, cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así na acta, e o seu director sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido o devandito prazo o contratista non o houbese efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

32.3.- Sempre que por razóns excepcionais de interese público, debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, dende que se produza a devandita ocupación efectiva ou posta en servizo produciranse os efectos e consecuencias propios do acto de recepción, de acordo co previsto no artigo 168 do Regulamento Xeral da LCAP.

32.4.- Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes de obra susceptibles de ser executadas por fases que poidan ser entregadas ao uso público de forma separada ou independente, en cuxo caso, deberá expedirse a correspondente certificación a conta.

33.- RESOLUCIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de nos supostos de cumprimento, o contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas previstas nos artigos 206 e 220 da LCSP dando lugar aos efectos previstos nos artigos 207 e 222 da LCSP.

34.- CERTIFICACIÓN FINAL DE OBRA E LIQUIDACIÓN.

34.1.- Dentro do prazo de tres meses a contar dende a data da acta de recepción o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista, dentro do prazo de sesenta días a partir da súa expedición, a conta da liquidación do contrato.

No prazo de quince días anteriores ao cumprimento do prazo de garantía a que se refire a cláusula seguinte, o director facultativo da obra redactará, de oficio ou a instancia do contratista, un informe sobre o estado das obras. Se este fose favorable, o director formulará, no prazo dun mes, a proposta de liquidación, que será notificada ao contratista para que, no prazo de dez días, preste a súa conformidade ou manifieste os reparos que considere oportunos.

Dentro do prazo de sesenta días contados a partir da contestación do contratista ou do transcurso do prazo de dez días de que este dispón para tal fin, o órgano de contratación deberá aprobar a liquidación e aboar, no seu caso, o saldo resultante desta.

34.2.- Se se producise demora no pagamento do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir o abono dos xuros de mora e a indemnización polos custos de cobramento, nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

35.- PAZO DE GARANTÍA.

35.1.- O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de un ano , a contar dende a data de recepción das obras, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego.

35.2.- Durante o período de garantía, o contratista estará obrigado a emendar, á súa costa, todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que se puidesen derivar das responsabilidades en que houbese podido incorrer, de acordo ao establecido no presente prego e no artigo 218 da LCSP.

36.- DEVOLUCIÓN O CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

36.1.- Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultasen responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, no seu caso, ditarase acordo de devolución ou cancelación daquela.

36.2.- No suposto de recepción parcial non se autorizara a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía.

36.3. – Transcorrido seis meses dende a data de terminación do contrato sen que a recepción formal houbera tido lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se produciran as responsabilidades a que se refire o artigo 88 de LCSP.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a un de setembro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día seis de setembro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA SEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día seis de setembro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día dous de agosto de dous mil dez.

2º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{na}. Celia Barbaio Pérez con D.N.I. número 14.696.940-K para realizar obras de construción dun alpendre de 20m². no lugar de avda. de Outeiro nº. 2 (referencia catastral 1925615PH3112N0001IK).

2.- Na execución das obras haberá de dar estrito cumprimento as concisións que se indican no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de noventa e dous euros con dous céntimos (92,02€) que figura no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{na}. Generosa Casanova González con D.N.I. número 34.144.115-V para realizar obras de conservación e reparación de vivenda no lugar de Salcedo 55 (referencia catastral 000704200PH31B0001UH).

2.- Na execución das obras haberá de dar estrito cumprimento as concisións que se indican no informe do técnico municipal.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de cento corenta e un euros con cincuenta e nove céntimos (141,59€) que figura no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e os informes da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Lugo e do técnico do concello, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Miguel García Jul con D.N.I. número 38.530.526-Y para realizar obras de restauración dunha fragua no lugar da Abelaira, rúa das Adegas, 4, parroquia de Vilachá (referencia catastral 001302500PH30C0001GI).

2.- Na execución das obras haberá de dar estrito cumprimento as concisións que se indican no informe do técnico municipal e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de mil douscentos corenta e sete euros con vinte céntimos (1.247,20€) que figura no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Visto o expediente tramitado a instancia de Ganadería Casa Tristo S.C. con N.I.F. G-27.370.238, representada por D. Carlos González Gallego con D.N.I. número 34.272.862-F que solicita a regulamentaria licenza municipal para a construción e funcionamento dunha corte vacún de leite con capacidade para 50 cabezas na parroquia de Liñares, lugar de Santiorxo (parcela 508 do polígono catastral 57), e

Resultando: Que admitido a tramite, procedeuse a realizar información pública co resultado que consta, incorporando os preceptivos informes técnicos e o da Corporación Municipal.

Resultando: Que elevado á Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, este organismo, con data 4 de agosto de 2010 emite ditame de incidencia ambiental en sentido favorable establecendo condicións.

Resultando: Que remitido o expediente á Dirección Xeral de Urbanismo, esta informa en sentido favorable.

Resultando: Que o lugar do emprazamento non está en contradicción coas Ordenanzas ou acordos municipais sobre o particular.

Considerando: Que na tramitación deste expediente observáronse as prescricións legais de aplicación.

Considerando: Que a Xunta de Goberno Local ten por delegación a competencia para outorga-la licenza solicitada, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- Concede-la Licencia Provisional que se solicita.

2.- Deberanse cumprir-las observación e medidas correctoras que no seu informe sinala a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a Dirección Xeral de Urbanismo e o técnico do concello.

3.- Non se poderá empeza-lo exercicio da mencionada actividade ata a concesión da licenza definitiva, para o que é indispensable o levantamento da acta de comprobación que o interesado deberá solicitar a este Concello, e que terá que ser favorable, acompañando á soli-

cidade o certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a conformidade das mesmas cos termos desta licencia.

4.- Esta licencia que se outorga salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o pagamento previo da cantidade a que ascenden as taxas e impostos municipais segundo liquidación practicada pola intervención municipal por un importe total de tres mil seiscientos dezanove euros con oitenta e dous céntimos (3.619,82 €).

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a des de setembro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trece de setembro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA TRECE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día trece de setembro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día seis de setembro de dous mil dez.

2º. - ADXUDICACIÓN DE OBRAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de urbanismo:

Visto o expediente da obra que se indica, e a proposta da mesa de contratación, propoño a Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Adxudicar a obra de “instalación dun decantador no depósito de augas da Pobra do Brollón”, á empresa Obraser Quiroga S.L. con N.I.F. número B-27.349.802 representada por D^{na}. María Concepción Rivera Castro con D.N.I. número 34.255.421-A polo prezo ofertado de cincuenta e catro mil oitocentos corenta e catro euros con oito céntimos (54.844,08€) I.V.E. incluído e cunha baixa de cero euros (0,00€).*

2.- *A empresa adxudicataria realizará obras complementarias sen cargo para o Concello por un valor, a prezos de proxectos, de novecentos euros (900,00 €).*

3.- *Facultar á primeira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Concelleira de urbanismo:

Visto o expediente da obra que se indica, e a proposta da mesa de contratación, propoño a Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Adxudicar a obra de “saneamento do núcleo de Santalla de Rei, continuación”, á empresa Excavaciones Goni S.L. con N.I.F. número B-27.191.865 representada por D. Antonio González Iglesias con D.N.I. número 76.624.199-K polo prezo ofertado de trinta e catro mil oitocentos vinte e cinco euros con trinta e sete céntimos (34.825,34€) I.V.E. incluído cunha baixa de cero euros (0,00€).

2.- Facultar á primeira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a quince de setembro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día catorce de outubro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA CATORCE DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día catorce de outubro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda aprobar a acta sa sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o 14 de setembro de dous mil dez.

2º.- CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a certificación número 1 da obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la certificación número 1 da obra incluída no Fondo Estatal de Inversión Local de 2010, “mellora na rede de saneamento e infraestruturas de depuración de augas residuais urbanas” por un importe total de corenta e dous mil cincocentos vinte e seis euros con vinte e dous céntimos coa seguinte desagregación:*

Importe neto	I.V.E.	Importe total
36.039,17€	6.487,05€	42.526,22€

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación número 2 da obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la certificación número 2 da obra financiada pola Deputación Provincial de Lugo, “rehabilitación do polideportivo municipal da Pobra do Brollón” por un importe total de trinta e cinco mil cento oitenta e catro euros con vinte e oito céntimos coa seguinte desagregación:*

Importe neto	I.V.E.	Importe total
29.817,19€	5.367,09€	35.184,28€

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os traballos realizados para o concello pola empresa que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la factura de Abante Ingeniería S.L.P. por realización de unha auditoría enerxética nos alumeados públicos da Pobra do Brollón por un importe total de catro mil cincocentos euros coa seguinte desagregación:*

Importe neto	I.V.E.	Importe total
3.813,56€	686,44€	4.500,00€

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar á C.M.V.M.C. Salgueiriña Ervidoirá con N.I.F. F-10.085.009 representada por D. José Vega Rodríguez con D.N.I. número 34.242.137-J para realizar obras de reparación e conservación de local social no lugar de Casanova, 5 parroquia de Abrence (referencia catastral 000800900PH30G0001UZ).*

2.- *Na execución das obras deberá darse estrito cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo aboamento da liquidación por importe de dous mil douscentos noventa e dous euros con sesenta e sete céntimos (2.292,67€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Autorizar a D. José López Díaz con D.N.I. número 34.259.388-Z para realizar obras de colocación de tubos no camiño que une as rúas Requeixo e Os Tres, parroquia de Piño.*

2.- *Na execución das obras deberá darse estrito cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.*

3.- *Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo aboamento da liquidación por importe de oitenta e catro euros con corenta e oito céntimos (84,48€) que obra no expediente.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Manuel Macía López con D.N.I. número 34.241.865-V para realizar obras de reparación e conservación de vivenda no lugar de Zapateira parroquia de Cereixa (referencia catastral 002504000PH2100001EU).

2.- Na execución das obras deberá darse estrito cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo aboamento da liquidación por importe de cento noventa e nove euros con noventa e catro céntimos (199,94€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado a autorización da Deputación Provincial de Lugo e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Vicente Javier Díaz Parada con D.N.I. número 34.251.742-F para realizar obras de reparación e conservación de vivenda no lugar de Fondorrallo número 27 parroquia de Saa no P.K. 1.150 da marxe dereita da estrada Lu-4707 , (referencia catastral 027047A067088010001DK).

2.- Na execución das obras deberá darse estrito cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico municipal e a Deputación Provincial de Lugo na súa autorización.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo aboamento da liquidación por importe de oitenta e cinco euros con noventa e catro céntimos (85,94€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Benito Pedredo Sotelo con D.N.I. número 34.228.524-Q para realizar obras de colocación de tubos na estrada Lu-4010 nun longo de 30 metros no lugar da Estación, parroquia de Castroncelos.

2.- Na execución das obras deberá darse estrito cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico municipal.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros carecerá de valor sen o previo aboamento da liquidación por importe de noventa e cinco euros con sesenta e oito céntimos (95,68€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- PUNTOS DE LUZ.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as diversas solicitudes presentadas propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

1.- Autorizar ós veciños que se relacionan para a modificación da situación dos puntos de luz que se indican nos lugares que para cada un se sinalan.

Solicitante	Nº.	Lugar	Parroquia
Isolina Fernández Martínez	1	Estación	Castroncelos

2.- Que, rematada-las instalacións, o Concello se fará cargo do consumo, conservación e mantemento delas.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

5º.- CONTRATACIÓN DE SERVIZO.

Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Medio Ambiente:

Visto o expediente de contratación do servizo que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Proceder á contratación do servizo de vixilancia sanitaria das augas de consumo humano do Concello da Pobra do Brollón polo procedemento negociado sen publicidade.*

2.- *Aprobar o Prego de condicións económico administrativas para a contratación de dito servizo coas cláusulas que figuran a seguir.*

3.- *Facultar á terceira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

1º **OBXECTO DO CONTRATO:** *É obxecto deste contrato a realización por parte da empresa adxudicataria das análises e control das augas dos abastecementos públicos do Concello de A Pobra do Brollón previstas pola lexislación vixente de acordo co número de usuarios dos mesmos.*

O servizo incluírá o mantemento dos datos no SINAC cos gastos que supoña.

O concello dispón na actualidade de catro redes de subministros cuxas características se describen na documentación anexa.

2º **OFERTA ECONÓMICA:** *A proposición económica presentarase de acordo co seguinte modelo:*

<i>Don....., con DNI vixente número, en nome propio (ou en representación da empresa....., con NIF número.....), oferta ao Concello de A Pobra do Brollón, a execución do servizo de vixilancia sanitaria das augas de consumo humano do Concello de A Pobra do Brollón, polo prezo que se indica desagregado como se sinala:</i>			
<i>Actuación</i>	<i>2011</i>		
	<i>Nº</i>	<i>Unitario</i>	<i>Total</i>
<i>Total anual</i>			
<i>(lugar, data e sinatura)</i>			

Esta oferta incluírá a posta á disposición do Concello dos medidores de Cloro, Turbidez e pH para a realización diaria dos controis de augas.

NOTA: *pídese outro orzamento incluíndo ademais o custo dos controis diarios dos niveis de Cloro e Organolépticos en depósito e rede no caso de que o Concello non tivera medios para facelos e tiverse que ser a empresa adxudicataria do servizo a que os tivera que levar a cabo*

3º **PLAN DE TRABAJO:** *presentarase un plan de traballo detallando:*

- *Protocolo de recollida e transporte de mostras de augas*
- *Parámetros e métodos de determinación de mostras de auga*
- *Programa de mostraxe, periodicidade dos análises de mostras de augas*
- *Boletines dos resultados*
- *Mantemento de datos no SINAC*

4º RELACIÓN DE TRABALLOS: una relación dos traballos realizados pola empresa e outros servizos que pode ofertar.

5º DURACIÓN DO CONTRATO: Será ata o día 31 de decembro de 2011. O contrato prorrogase automaticamente por anos naturais salvo denuncia expresa por calquera das partes cunha anterioridade mínima de tres meses á data do remate do contrato ou da prórroga vixente no seu caso. Nas prórrogas sucesivas actualizarase o prezo do contrato coa aplicación do IPC a 31 de decembro do ano que remata.

ANEXO I

ZONAS DE ABASTECIMIENTO DE AUGAS DE CONSUMO DO CONCELLO DE A POBRA DO BROLLÓN

1) ZA LOUREIRO

- a) Poboación abastecida: 326 habitantes
- b) Volume global de auga distribuída: 97 m³
- c) Data de alta no SINAC: 05/01/2009
- d) Depósitos:
 - (i) Depósito de Domiz:
 - 1. Procedencia de auga: 326 habitantes
 - 2. Capacidade: 1000 m³/día
 - 3. Tratamento: A₂ Físico, normal, químico e desinfección
 - (ii) Depósito de Piñeiros
 - 1. Procedencia da auga: Depósito de Vilarmao
 - 2. Capacidade: 500 m³
 - 3. Tratamento: A₁ Filtración e desinfección
 - (iii) Depósito de Vilarmao
 - 1. Procedencia da auga: Depósito de Domiz
 - 2. Capacidade: 5 m³
 - 3. Tratamento: A₁ Filtración e desinfección

2) ZA BARXA DO LOR

- a) Poboación abastecida: 40 habitantes
- b) Volume global de auga distribuída: 10 m³/día
- c) Data alta SINAC: 05/01/2009
- d) Depósitos:
 - (i) Depósito de O Castro
 - 1. Procedencia da auga: ETAP de Barxa de Lor
 - 2. Capacidade: 3 m³
 - 3. Tratamento: A₁ Filtración e desinfección

3) ZA PIÑO-EIXÓN

- a) Poboación abastecida: 770 habitantes

b) *Volume total de auga distribuída: 231 m³/día*

c) *Data alta SINAC: 05/01/2009*

d) *Depósitos:*

(i) *Depósito de Canedo (Aldea)*

1. *Procedencia da auga: Depósito de Pacios*

2. *Capacidade: 40 m³*

(ii) *Depósito de Castrosante*

1. *Procedencia da auga: Depósito de Pacios*

2. *Capacidade: 20 m³*

(iii) *Depósito de Outara*

1. *Procedencia da auga: Depósito de Canedo (Aldea)*

2. *Capacidade: 100 m³*

(iv) *Depósito de Pacios*

1. *Procedencia da auga: ETAP Piño-Eixón*

2. *Capacidade: 100 m³*

3. *Tratamento: A₁ Filtración e desinfección*

4) *ZA SAN PEDRO*

a) *Poboación abastecida: 105 habitantes*

b) *Volume total de auga distribuída: 31 m³/día*

c) *Data alta SINAC: 05/01/2009*

d) *Depósitos*

(i) *Depósito de San Pedro*

1. *Procedencia da auga: ETAP de San Pedro*

2. *Capacidade: 150 m³*

3. *Tratamento: A₁ Filtración e desinfección*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

6º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Traballo:

Nos últimos anos o Concello conta cunha persoa contratada como axente de emprego e desenvolvemento local, servizo subvencionado pola Xunta de Galicia. A importancia dos traballos que desenrola aconsellan que unha vez máis se manteña dito servizo. En consecuencia propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo proxecto de funcionamento no Concello da Pobra do Brollón do servizo de axente de emprego e desenvolvemento local.*

2.- *Solicitar da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 7 de setembro de 2010 da (D.O.G. número 178/2010 de 15 de setembro) una subvención por importe do 80% dos custos do proxecto aceptando integramente as condicións de financiamento que figuran na expresada orde e as que no seu caso se determinen na resolución pola que se conceda a subvención.*

3.- *Comprometerse a financiar con cargo ó orzamento do Concello a parte dos custos non subvencionados pola Consellería.*

4.- *Dar conta deste acordo ó Pleno do Concello na seguinte sesión que celebre para a súa ratificación.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

7º.- Convenios.

+ *Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:*

Vista a proposta de convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellería de Traballo e Benestar, propoño a Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar o convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia segundos as cláusulas que figuran a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.*

3.- *Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.*

PRIMEIRO.- *O presente protocolo ten por obxecto senta-las bases de colaboración entre as partes para posibilitar as actuacións tendentes ao desenvolvemento das actividades precisas para o estudo e implantación dun programa de atención as persoas maiores e/ou con discapacidade que viven soas en Galicia, a través dunha atención integral mellorando a súa calidade de vida, actuando polo tanto dunha forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizacionais de cada un deles, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.*

SEGUNDO.- *A Consellería de Traballo e Benestar realizará aquelas actuacións necesarias de cara a:*

- *Analizar os datos estatísticos remitidos polo Concello, avaliando as necesidades das persoas maiores e/ou persoas con discapacidade que viven solas, e, en colaboración co Concello e coa FEGAMP, deseñar e implementar un programa de apoio integral as persoas maiores e/ou con discapacidade que viven solas.*
- *Planificar a implementación do programa, unha vez deseñado, correspondéndolle a coordinación dos recursos existentes dos que sexa titular cos de titularidade do Concello de cara a procurar a atención integral as persoas maiores e/ou con discapacidade que viven solas.*
- *Avaliar o custo económico derivado do programa e realizará unha planificación económica que contemple a súa implementación progresiva en toda a Comunidade Autónoma, a identificación das fontes de financiamento posibles e os prazos fixados para a súa posta en marcha que serán concretados nas actuacións de desenvolvemento deste Protocolo.*

TERCEIRO.- *O Concello da Pobra do Brollón realizará aquelas actuacións necesarias de cara a:*

Remitir á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal información estatística das persoas maiores de 65 anos que viven solas no concello por tramos de idade (65-70, 70-80, 80-85 e + de 85 anos), identificando o sexo da persoa maior así como se son usuarios de ss.ss comunitarios ou/e especializados e tipo de servizo.

- *Remitir á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal información estatística das persoas con discapacidade que viven solas no concello, identificando o sexo, grao de discapacidade así como se son usuarios de ss.ss comunitarios ou/e especializados e tipo de servizo.*
- *O Concello obrígase a respectar a intimidade das persoas e a manter a confidencialidade e a garantir a seguridade e integridade dos datos aos que poida ter acceso durante a execución das accións*

derivadas deste Protocolo, de acordo co que se dispón na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Nos casos en que se necesite utilizar datos de carácter persoal para o seu tratamento estatístico estes deben facerse con datos disociados e, de no ser posible a disociación, solicitarase o consentimento expreso aos cidadáns para poder utilizar os datos con ese fin.

- Colaborar na futura posta en marcha e implementación do programa deseñado pola Consellería de Traballo e Benestar dentro das accións e coas condicións que se determinen no desenvolvemento deste Protocolo.

CUARTO.- As partes asinantes son conscientes de que no presente documento non poden recoñecerse tódalas actuacións que engloba a realización do seu obxecto, polo que se comprometen expresamente a desenvolver, a través da formalización dos instrumentos que procedan, aquelas actuacións necesarias para a súa consecución de conformidade coa normativa vixente.

QUINTO.- Constitúese unha Comisión mixta de coordinación e seguimento das actuacións levadas a cabo para a consecución dos obxectivos fixados no presente documento na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectadas polo mesmo. Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, estará formada por parte da Consellería por dous representantes designados pola Conselleira de Traballo e Benestar, e por parte do Concello por dous representantes designados polo mesmo. Dita Comisión será presidida por un dos representantes da Consellería de Traballo e Benestar.

SEXTO.- Este protocolo ten carácter administrativo e, en consecuencia, as cuestións xurdidas sobre a súa interpretación, modificación, resolución e efectos serán resoltas, en primeira instancia, pola Comisión de coordinación e seguimento. As cuestións litixiosas non resoltas no seo da devandita comisión someteranse ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa.

SÉTIMA.- O presente Protocolo entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o cumprimento do seu obxecto.

E para que conste, e como proba de conformidade, os comparecentes asinan o presente protocolo de Colaboración, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a proposta de convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellería de Traballo e Benestar, propoño a Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar o convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia segundos as cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

3.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio entre a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, e o Concello da Pobra do Brollón, é a posta a disposición deste do sistema de información necesario para un óptimo desenvolvemento das funcións que ten encomendadas dentro do sistema galego de atención á dependencia (SIGAD), especialmente en canto á posta a disposición de información do estado de tramitación administrativa dos expedientes de solicitudes de valoración e recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do sistema, do contido da resolución do Programa Individual de Atención no que se aproba a modalidade do recurso idóneo e da xestión do Programa de asignación de recursos para o servizo de axuda no fogar competencia municipal; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e

organizacionais de cada un deles, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDA.- Compromisos das partes.

1) Da Consellería de Traballo e Benestar.

Os compromisos da Consellería consistirán en:

- *Porá a disposición do Concello, de xeito progresivo, unha aplicación web que dará acceso en modo consulta á seguinte información do Sistema de información Galego de Atención á dependencia (en adiante SIGAD):*
 - *Información resumida do expediente e do estado de tramitación do mesmo.*
 - *Contido da resolución do Pia.*
 - *Acceso ao "programa de asignación de recursos" de cara á tramitación do SAF.*
- *Os datos aos que se proporcionará acceso será daqueles expedientes que correspondan a área de influencia da acción do traballador/a social de servizos sociais comunitarios. A área de influencia dun traballador social vira determinada polo/s concello/s de radio de acción dese/a traballador/a social.*
- *Proporcionar ao Concello a información e soporte necesarios para resolver as dúbidas ou incidencias que poidan xurdir no acceso ao SIGAD.*
- *Proporcionar a formación inicial necesaria aos traballadores/as sociais dos servizos sociais do Concello de cara ao acceso ao SIGAD así como a utilización e explotación das súas funcionalidades. A Consellería levará a cabo unha xornada formativa en cada provincia, xunto coa posta a disposición de manuais e información sobre o funcionamento do sistema.*
- *A Consellería comprométese a seguir traballando na implementación de solucións técnicas de cara a facilitar a xestión do procedemento de solicitude do recoñecemento da situación de dependencia, ampliando as posibilidades de interacción telemática entre a Consellería e os servizos sociais comunitarios.*

2) Do Concello da Pobra do Brollón.

Os compromisos do Concello consistirán en:

- *O Concello deberá remitir á Dirección Xeral da Dependencia e Autonomía Persoal, a solicitude de acceso ao servizo (Anexo I), coa identificación dos profesionais de ss.ss comunitarios e a área de influencia solicitada para cada un deles.*
- *O Concello deberá comunicar calquera variación que se produza nas condicións de acceso dos profesionais, en especial as baixas no servizo. Estableceranse controis de tempo de inactividade dos usuarios, que pasarán á situación de cancelados unha vez transcorridos tres meses sen accesos na aplicación.*
- *Todos os usuarios autorizados para o acceso, xunto cos seus responsables no Concello, deben ter coñecemento de que o emprego de datos de carácter persoal en tarefas impropias son operacións ilegais que poden dar lugar a responsabilidades administrativas, en concreto as establecidas no Título Vil da LOPD, así coma a responsabilidades de calquera outra natureza, incluso penais, razón pola cal cando, por calquera medio, se teña indicios da utilización destes datos con finalidade distinta da sinalada neste convenio, ou da súa difusión indebida, infrinxindo así o deber de secreto profesional, poranse ditos feitos en coñecemento da Consellería de Traballo e Benestar, ao obxecto de procurar a adopción das medidas pertinentes entre ambas partes. A fin de dar a coñecer estas responsabilidades, en todas as altas de usuarios realizadas se deberá cumprimentar un documento onde se especificarán os compromisos adoptados polo*

usuario, segundo o anexo II adxunto a este convenio. Dito documento quedará en poder do concello, si ben poderá ser reclamado pola Consellería.

- O Concello é responsable da dispoñibilidade técnica dos medios necesarios para o acceso vía web ao SIGAD por parte dos profesionais designados. Isto inclúe a instalación de lectores de DNI electrónico se fose necesario, ou a obtención de certificados clase 2CA da FNMT por parte dos traballadores sociais. A Consellería de Traballo e Benestar asesorará e proporcionará a información que sexa necesaria ao Concello para que o medio de identificación na aplicación non se converta nun atranco.
- O Concello é responsable de implantar as medidas de seguridade, tanto técnicas coma organizativas, e tanto nos postos de traballo dende os que se acceda á aplicación, coma no posible ficheiro soporte papel, no caso de que se extraía información do SIGAD mediante impresión de pantallas. Como apoio a esta tarefa, a Consellería de Traballo e Benestar proporcionará información sobre o conxunto mínimo de medidas de seguridade que deberán ser adoptadas.
- O Concello deberá de recadar o consentimento expreso e por escrito do solicitante do recoñecemento da situación de dependencia, ou do seu representante, para o acceso aos datos de carácter persoal que constan no seu expediente, contidos no ficheiro "Dependencia" creado pola orde do 11 de marzo de 2009, pola que se crean, modifican ou suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (DOG nº 58, do 25 de marzo) (Anexo III).

TERCEIRA.- Protocolo marco para o desenvolvemento de administración electrónica.

As actuacións recollidas neste convenio estarán vinculadas ao establecido no protocolo marco para o desenvolvemento da administración electrónica asinada o 28 de setembro de 2009 entre as Deputacións, FEGAMP e Xunta de Galicia -que se desenvolve mediante o Convenio co mesmo obxecto asinado o 13 de xullo de 2010-, no relativo ao uso de servizos, infraestruturas e criterios de administración electrónica coa finalidade de avanzar de forma homoxénea e conxunta no desenvolvemento da administración electrónica en todos os ámbitos de relación entre as administracións públicas galegas e, así, minimizar custos na aplicación destes criterios.

CUARTA.- Cesión de datos de carácter persoal.

A posta a disposición dos sistemas de informacións sinalados na cláusula segunda, apartado 1, supón unha cesión de información de carácter persoal, contidos no ficheiro "Dependencia" creado pola orde do 11 de marzo de 2009, pola que se crean, modifican ou suprimen ficheiros que conteñen datos de carácter persoal existentes na extinta Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (DOG nº 58, do 25 de marzo) da Consellería de Traballo e Benestar ao Concello. Polo tanto un suposto de comunicación de datos entre administracións públicas sobre competencias que versan sobre a mesma materia regulado no art. 21 da LOPD, polo que o Concello será responsable do deber de recadar o consentimento do afectado ao que se refire o art. 11 da LOPD.

A cesión de información procedente do SIGAD ten coma finalidade exclusiva a atención e información ao solicitante de situación de dependencia dende os servizos sociais comunitarios e a xestión dos servizos do SAAD dos que sexan titulares. Calquera outro uso que se faga destes datos suporá un incumprimento do presente convenio, que facultará á Consellería a pedir as responsabilidades oportunas. O concello, no seu papel de cesionario, será responsable fronte á Consellería de Traballo e Benestar e fronte a terceiros de calquera reclamación derivada do emprego indebido que se faga por parte dos titulares dos datos cedidos.

Para a identificación e autenticación na aplicación, o traballador social deberá empregar un certificado dixital de persoa física dos aceptados pola Xunta de Galicia para a interacción coa cidadanía en escenarios de administración electrónica. Na data actual isto supón o emprego do DNI electrónico ou de certificado de clase 2CA da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre. Cada usuario será responsable dos accesos que se realicen co seu medio de identificación e autenticación (certificado dixital).

Todos os accesos, xunto coa información accedida, serán rexistrados polo aplicación en pistas de auditoría.

A Consellería de Traballo e Benestar poderá auditar en calquera momento, e segundo o procedemento pactado na comisión de seguimento deste convenio, a observancia das medidas de seguridade no acceso e tratamento da información, en especial da obriga de recadar o consentimento.

QUINTA.- Outros compromisos do Concello.

O Concello queda facultado para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Traballo e Benestar e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

O Concello asume a responsabilidade respecto do persoal que ten as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no Convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais.

O Concello consinte expresamente en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, o asinamento do presente Convenio, de acordo co establecido na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

Así mesmo, consinte para os efectos da súa difusión na Internet, que a Consellería de Traballo e Benestar publique na súa respectiva páxina web e dentro dos primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano, unha relación dos convenios subscritos referida ao cuadrimestre anterior. A información manterase dispoñible na Internet durante todo o exercicio orzamentario. Igualmente, manterase dispoñible na Internet a información referida ao exercicio inmediatamente anterior, segundo o previsto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

SEXTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente Convenio de colaboración, crearase unha Comisión Mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectadas polo mesmo. Esta Comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente Convenio, e estará formada por parte da Consellería por dous representantes designados pola Conselleira de Traballo e Benestar, e por parte do Concello por dous representantes designados polo mesmo. Dita Comisión será presidida por un dos representantes da Consellería de Traballo e Benestar.

SÉTIMA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

OITAVA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este Convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Será de aplicación os principios contidos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en canto as resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

Correspóndelle á Consellería de Traballo e Benestar a resolución das cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación, modificación e resolución do presente Convenio, poñendo os seu acor-

des fin á vía administrativa. Contra os mesmos cabe recurso potestativo de reposición ou recurso contencioso-administrativo de conformidade co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- Vixencia

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o 31 de decembro de 2013, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, ou do termo de cada unha das prórrogas.

Este convenio de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a proposta de convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo, propoño a Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Aprobar o convenio entre o Concello da Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo segundos as cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

3.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Primeira.- Obxecto do convenio.

É obxecto do presente convenio a mellora e acondicionamento das infraestruturas do Miradoiro de Vilachá e o seu entorno para facer unha posta en valor dos recursos turísticos do concello e da Ribeira Sacra.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

O orzamento total de execución da actuación ascende á cantidade de vinte e nove mil seiscientos setenta e oito euros e con sesenta céntimos (29.678,60 €).

Considérame gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da subvención e que cumpran os seguintes requisitos.

a) Que se deriven das actividades realizadas dentro da anualidade 2010.

b) Que se acrediten mediante a expedición de facturas e/ou xustificantes de gasto.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e /ou xustificantes de gasto.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

A. O Concello de Pobra de Brollen comprométese á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta do Concello de Pobra de Brollón.

O Concello de Pobra de Brollón deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

B. A Excm. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de vinte e nove mil seiscientos setenta e oito euros (29.678,00 €).

Cuarta.- O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES e nas bases do orzamento xeral para o ano 2009.

Quinta.- Xustificación e aboamento das subvencións.

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, o Concello de Pobra de Brollón deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

As xustificacións das subvencións realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Título I, Capítulo IV), no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo II, art. 69 e s.s.), na Ordenanza Xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral para o ano 2009.

A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación polo Concello de Pobra de Brollón da seguinte documentación xustificativa:

Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación das actividades ou obras realizadas, temporalización, número de beneficiarios, os resultados obtidos e fotografías ou mostras en medio impreso da realización da actividade, debidamente datada e asinada.

Memoria Económica xustificativa do custo da actividade realizada, que conterá:

1. Relación clasificada de gastos da actividade subvencionada, polo custo total da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.
2. Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do concello do custo total da actividade subvencionada acreditando a relación de gastos da actividade subvencionada atopándose executada, e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente. Asemade, acreditará que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.
3. Certificación de obra executada, orixinal ou copia autenticada ou compulsada ou, a presentación das correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa conformadas, orixinais ou copias autenticadas ou compulsadas.

Acta de recepción da obra.

Declaración das axudas ou subvencións obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou entidade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Sé é o caso, se acompañarán documentos que acrediten que a imaxe corporativa da Deputación de Lugo -Área de Turismo- se inxeriu na publicidade da actividade ou comportamento subvencionado. Estes documentos acreditativos poden ser substituídos por unha declaración responsable do representante.

Declaración xurada de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social e de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No seu caso, declaración responsable de que o beneficiario asumiu o custo do importe sobre o valor engadido, por non ter a posibilidade de compénsalo ou recupéralo.

Certificación expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta do beneficiario na que se procederá, se é o caso, ao aboamento da correspondente subvención.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Sétima.- Vixencia do Convenio.

O presente convenio terá vixencia dende o día seguinte a súa formalización ata o 31 de decembro de 2010, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2010.

Oitava.- Prazos de xustificación.

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo de dous meses as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo antes de 1 de abril de 2011. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

8º.- APROBACIÓN DUN PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Visto o expediente de execución da obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra de “instalación dun decantador no depósito da augas da Pobra do Brollón” elaborado por D. Manuel Quintana López, coordinados de seguridade e saúde da obra.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dez horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e dous de novembro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día dezanove de novembro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA DEZANOVE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día dezanove de novembro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia tres, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello. Non comparece o Concelleiro Manuel González Moreira.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a solicitude do interesado e o certificado que xunta da comandancia do posto da Garda Civil de Monforte de Lemos, e tendo en conta que o vehículo de que se trata foi comisado pola Audiencia Provincial de Lugo con data 23 de xuño de 1999 poñéndoo a dispor da Mesa de Adxudicacións do Plan Nacional sobre Drogas, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- *Recoñecer, con efectos do ano 2000 a improcedencia da liquidación do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica realizada a D. Jorge Pato Mourelo con D.N.I. número 76.623.041 polo vehículo matrícula C-1142-AW.*

2.- *Recoñecer o dereito á devolución das cantidades que resultaron indebidamente cobradas neste concepto.*

3.- *Dirixirse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo por se procedera a liquidación do citado imposto á Mesa de Adxudicacións do Plan Nacional sobre Drogas no caso de seguir o vehículo domiciliado neste concello ata o exercicio 2010 incluído no que foi adxudicado a un terceiro.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:

Titular	D.N.I.	Bastidor	Efectos
Antonio Fernández Losada	34.229.074-Z	SALLNABE81A584401	2011

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2º.- CONTA DE GASTOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os traballos realizados para o concello pola empresa que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

- *Aproba-la factura de Servitec Medioambiente S.L. por realización da obra “restauración de camiños e acondicionamento de elementos singulares nas parroquias de Outara e Salcedo” por un importe total de dez mil cento once euros con trinta e un céntimos coa seguinte desagregación:*

Importe neto	I.V.E.	Importe total
8.568,91€	1.542,40€	10.111,31€

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e catro de novembro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e cinco de novembro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e cinco de novembro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Reboiro, que dá fe do Acto.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación das actas das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días catorce de outubro e dezanove de novembro de 2010.

2º.- IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistos os escritos dos interesados, e tendo en conta a súa situación de minusvalía no 33% ou superior, ó abeiro do disposto no artigo 94 e) da Lei 39/1.988 de 28 de decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Recoñecer, en canto os vehículos se destinen ó uso exclusivo dos titulares ou ó seu transporte, a exención, no*

<i>Titular</i>	<i>D.N.I.</i>	<i>Matrícula</i>	<i>Efectos</i>
<i>Mª Nieves Rodríguez Senra</i>	<i>34.231.233-B</i>	<i>6804-BVD</i>	<i>2011</i>

Imposto Municipal sobre Vehículos de Tracción Mecánica, ós que se indican:

Sometida a votación a anterior proposta por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. José Fernández Parada con D.N.I. número 34.229.577-B para a construción de dous alpendres no lugar de Abaixo, parroquia de Eixón (parcela 538 do polígono catastral 12).

2.- Na execución das obras deberá dar estrito cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico do concello.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cento setenta e tres euros con dezaseis céntimos (173,16€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. José Antonio Ortega Nieto con D.N.I. número 31.362.663-B para realizar obras de reparación de cuberta no lugar de Requeixo, parroquia de Piño, palleira anexa ao edificio número 13.

2.- Na execución das obras deberá dar estrito cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico do concello.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de douscentos vinte e seis euros con noventa e catro céntimos (226,94€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada e o informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{na}. Concepción Fuentes Álvarez con D.N.I. número 34.257.514-A para realizar obras de construción dun alpendre para apeiros agrícolas no lugar de Fontela, parroquia da Pobra do Brollón (parcela 12 do polígono catastral 64).

2.- Na execución das obras deberá dar estrito cumprimento ás condicións que no seu informe sinala o técnico do concello.

3.- Esta licenza, que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o pago previo da liquidación por importe de cento cincuenta e nove euros con sesenta e catro céntimos (159,64€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- ALUGUER TEMPORAL DE TERREOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito do interesado e o informe do Técnico municipal, e tendo en conta que os terreos do futuro polígono industrial dos Medos non se poderán usar como tales en canto non se proceda á aprobación do planeamento, pero son compatibles co fin para o que os solicita, e tendo en conta así mesmo que está prevista a instalación dunha planta de biomasa neses terreos, propoño a Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Alugar por prazo dun ano, prorrogable en anos sucesivos de non ser denunciado por algunha das dúas partes con tres meses de antelación, unha superficie de 100m². no lugar de Os Medos, terreos do polígono industrial á empresa GAHEA con N.I.F. B-27.300.986 representada por D. Carlos Rodríguez Alonso con D.N.I. número 76.623.147-G polo prezo total anual de cento cincuenta e oito euros con corenta céntimos (158,40€).

2.- O concello poderá declarar unilateralmente a extinción deste aluguer e dos dereitos da mencionada empresa que resulten do contrato no caso de precisalos para a instalación permanente dunha empresa avisando á outra parte con tres meses de antelación. Nese caso ratearase o prezo polo tempo transcorrido ata o aviso.

3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.

4.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- PEIM RURAL 2010.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o escrito da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia de 19 de novembro comunicando as obras a incluír no PEIM Rural 2009 con cargo aos seus orzamentos, propoño a adopción do acordo seguinte:

1.- Aproba la inclusión no PEIM Rural 2010 das obras que se indican:

- Acondicionamento de pista en Pacios de Veiga.
- Acondicionamento de pista en Canedo na Fonte.

2.- Por a disposición, libres de cargas e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.

3.- Renunciar expresamente a reter da achega deste concello calquera tipo de tributo por mor das obras de referencia.

4.- Asumir, unha vez recibidas provisionalmente as obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

5.- Comprometerse expresamente a que as obras non se someterán a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo de cinco anos desde esta.

5.1.- Que afecten á súa natureza ou ás súas condicións de execución.

5.2.- Que resulten, dun cambio na natureza do réxime da propiedade da infraestrutura.

6.- Asumir todas cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello.

7.- Comprometerse a acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos e demais requisitos esixibles pola normativa que regula a contratación administrativa antes da adxudicación definitiva.

8.- Facultar ao Alcalde D. José Luís Maceda Vilariño para tódolos tramites precisos no cumprimento deste acordo e expresamente para asinar o correspondente convenio.

9.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

6º.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NO CONSELLO ESCOLAR DO COLEXIO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Tendo o concello que nomear un representante no Consello Escolar do Colexio Público da Pobra do Brollón, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Nomear como representante do concello no Consello Escolar do Colexio Público da Pobra do Brollón ao concelleiro D. Javier González González.

2.- Dar conta desde acordo ó Pleno na próxima sesión que celebre.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

7º.- CONTRATACIÓN DE OBRA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente de contratación da obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Adxudicar a obra de “Instalación solar sobre cuberta pavillón polideportivo” á empresa Técnicas Eléctricas y Desarrollo Integral S.L. (TEYDY) no prezo ofertado de Cento corenta mil cento corenta e dous euros con setenta e oito céntimos (140.142,78€).

2.- A obra executarase de acordo coa memoria e o prego de condicións aprobados polo concello e as instrucións da dirección de obra.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e cinco de novembro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día quince de decembro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA QUINCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día quince de novembro de dous mil dez, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia catro, para celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que dá fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día vinte e cinco de novembro de dous mil dez.

2º.- CONTA DE GASTOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Aproba-la certificación número un da obra 55 do Plan Provincial de Obras e Servizos para 2010, "instalación dun decantador no depósito de augas da Pobra do Brollón" co detalle que se sinala:*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

Achegas	F. propios	M.A.P.	Total
Concello	7.504,16		7.504,16
Deputación	7.504,16		7.504,16
M.A.P.		15.008,32	15.008,32
Total	15.008,32	15.008,32	30.016,63

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- *Aproba-la certificación número un da obra "rehabilitación do polideportivo municipal da Pobra do Brollón" por importe de vinte e nove mil oitocentos cincuenta euros con corenta e catro céntimos (29.850,44€)*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vista a certificación de obra que se indica, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- Aproba-la certificación número tres da obra "rehabilitación do polideportivo municipal da Pobra do Brollón" por importe de cento nove mil doce euros con setenta céntimos (109.012,70€)

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

3º.- LICENZAS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar á Asociación de veciños Nª Señora da Cabeza con N.I.F. E-27.196.948 representada por D. David López Goyanes con D.N.I. número 76.616.236-Q para a pavimentación dunha pista de baile no lugar da Estación, parroquia de Castroncelos (parcela 75 do polígono catastral 37).

2.- Na execución das obras darase estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico do concello.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de douscentos corenta e nove con setenta e catro céntimos (249,74€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Secundino Parada López con D.N.I. número 34.215.686-N para o peche dunha finca, e paso salvacunetas no lugar de Santo Adrián, 1 na marxe dereita do P.K. 0,100 da estrada CP-4707 da Pobra do Brollón por Saa á Casela (referencia catastral 01300500PH31C0001RW).

2.- Na execución das obras darase estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico do concello e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de setenta e dous euros con cincuenta e nove céntimos (72,59€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Ramón Secundino Macía Souto con D.N.I. número 34.247.670-A para a reparación e conservación de vivenda no lugar de Salcedo, na marxe dereita do P.K. 1,800 da estrada CP-4710 da CP-4701 por Salcedo á Estación da Pobra do Brollón (referencia catastral 000600100PH31B0001JH).

2.- Na execución das obras darase estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico do concello e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de catrocentos trinta e seis euros con noventa e catro céntimos (436,94€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude da interesada, a autorización da Deputación Provincial de Lugo e informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D^{na}. María José Freán Reboiro con D.N.I. número 76.618.641-Y para a rehabilitación de fachada no lugar de Santalla de Rei, na marxe esquerda do P.K. 4,420 da estrada CP-4703 da estrada de Bóveda á Pobra do Brollón á da Pobra do Brollón ao Incio (parcela 360 do polígono catastral 7).

2.- Na execución das obras darase estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico do concello e na autorización da Deputación Provincial de Lugo.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de cento trinta e seis euros con noventa e catro céntimos (136,94€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Tenente de Alcalde Delegada de Urbanismo:

Vista a solicitude do interesado e informe do técnico municipal, propoño á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo seguinte:

1.- Autorizar a D. Antonio Pérez Vega con D.N.I. número 34.228.422-Y para a construción dun alpendre no lugar da Estación, parroquia de Castroncelos (referencia catastral 001201000PH31A0001JU).

2.- Na execución das obras darase estrito cumprimento ás condicións establecidas no informe do técnico do concello.

3.- Esta licenza que se concede salvo dereitos de propiedade e sen prexuízos a terceiros, carecerá de valor sen o previo pago da liquidación por importe de cento vinte e cinco euros con oitenta e tres céntimos (125,83€) que obra no expediente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a sete de xaneiro de dous mil once.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que pola Xunta de Goberno Local do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trinta de decembro de dous mil dez, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO O DÍA TRINTA DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

